

CONCELLO D

OROSO

guía
turística

CONCELLO D
OROSO

guía turística

Edita Concello de Oroso

Textos Manuel Pazos Gómez e José Luis Varela Fernández

Fotografías Antonio Matías e Luis Alonso Ocaña

Revisión lingüística Antonio Puentes Chao

Deseño e maquetación tresCtres

Imprime euroGráficas Pichel

Depósito legal C 522–2008

OROSO

HOXE
NA HISTORIA
TURISMO
OUTROS DATOS DE INTERESE





ORISO
HOXE



XEOGRAFÍA

O municipio de Oroso esténdese sobre unha superficie de 72,23 km², e ofrece unha paisaxe rural sen apenas contrastes xeográficos.

O monte Costa, de 329 metros, na parroquia de Trasmonte, e o Petón, con 375 metros, na de Senra, ambos ó norte do municipio e no límite co de Ordes, son as máximas cotas que alcanza o relevo de Oroso. A partir delas o perfil orográfico, lixeiramente ondulado e sen fortes contrastes, vai descendendo ata as beiras do Tambre, que lle serve de límite polo sur. Na esquina suroeste, pouco despois de pasar baixo a ponte de Sigüeiro, o Lengüelle únese ó Tambre. Os demais ríos, como o Carboeiro, o Samo ou o Maruzo, baixan en dirección norte–sur, formando variados e harmoniosos vales.

PARROQUIAS

O concello de Oroso está constituído por un total de 11 parroquias: Os Ánxeles (San Mamede), Calvente (San Xoán), Cardama (Santa María), Deixebre (Santa María), A Gándara (San Miguel), Marzoa



Ponte Sigüeiro

(San Martiño), Oroso (San Martiño), Pasarelos (San Román), Senra (Santa Eulalia), Trasmonte (Santo Estevo), e Vilarromarís (San Tomé).

SITUACIÓN

O concello de Oroso encóntrase no camiño da Coruña a Santiago. A estrada N-550 atravesa o termo de norte a sur. A capital municipal, Sigüeiro, encóntrase a 49 km da Coruña e a 11 de Santiago de Compostela.

A autoestrada A-9 ten en Sigüeiro un servizo de entrada e saída só en dirección A Coruña. A liña de ferrocarril que une as cidades de Santiago e A Coruña ten cerca de Sigüeiro o apeadeiro de Oroso e a estación de Garga Trasmonte. Ademais da estrada antes citada, sae outra de Sigüeiro cara a Frades, polas parroquias da Gándara, Vilarromarís e Calvente. Nela nacen varios ramais que enlazan as outras parroquias e lugares do municipio. Os límites de Oroso son o municipio de Santiago e O Pino polo sur, Trazo polo oeste, Tordoia e Ordes polo norte e Frades polo leste.

MARCO COMARCAL

Oroso encádrase na comarca de Ordes que engloba os seguintes municipios: Cerceda, Tordoia, Trazo, Oroso, Frades, Mesía e Ordes, esta última a capital comarcal.

O municipio localízase entre os puntos urbanos de Ordes e de Santiago de Compostela. Do primeiro recolle a influencia comarcal e unha das relacións de proximidade máis destacables do seu contorno,

PARROQUIAS

O Concello de Oroso está constituído por un total de 11 parroquias:

- Oroso (San Martiño)
- Trasmonte (Santo Estevo)
- Deixebre (Santa María)
- A Gándara (San Miguel)
- Cardama (Santa María)
- Senra (Santa Eulalia)
- Vilarromariz (San Tomé)
- Os Ánxeles (San Mamede)
- Marzoa (San Martiño)
- Calvente (San Xoán)
- Pasarelos (San Román)

mentres que o segundo é a saída natural do municipio cara a un eixo económico relevante.

A relación coa contorna realízase sobre a base dos municipios de base rural próximos e do importante peso do sector agropecuario, que constitúe un modo de vida representativo de moitos puntos da Galicia interior.

É importante a súa situación limítrofe con Santiago de Compostela, algo que configurou o carácter e as tendencias económicas e sociais das últimas décadas en Oroso. Parte da emigración e das saídas do municipio teñen que ver con este aspecto. O referente económico da capital de Galicia serviu para dar saída a produtos e iniciativas do propio municipio, á vez que foi un foco de emprego para numerosos habitantes residentes en Oroso.

Ademais, a estrada N-550 que une A Coruña con Santiago é o referente da comunicación viaria de Oroso, xa que une o municipio coa urbe compostelá, coas posteriores facilidades que ofrece este punto en materia de comunicación.

A posición demográfica é un elemento fundamental para entender o abano de posibilidades dun municipio, e para o caso de Oroso foi decisiva. Situado no eixe de comunicacións da comarca compostelá coa Coruña, ós seus habitantes abríronselles diferentes opcións polos efectos expansivos de Santiago e a accesibilidade da súa localización, todo iso ademais das súas propias capacidades interiores.

DEMOGRAFÍA

A posición demográfica é un elemento fundamental para entender o abano de posibilidades dun municipio, e para o caso de Oroso foi decisiva. Situado no eixe de comunicacións da comarca compostelá coa Coruña, ós seus habitantes abríronselles diferentes opcións polos efectos expansivos de Santiago e a accesibilidade da súa localización, todo iso ademais das súas propias capacidades interiores.



Oroso confórmase como un dos municipios próximos a Santiago de Compostela, en concordancia cunha serie de lugares que deixan atrás o seu pasado rural e se incorporan á diversificación económica ante o novo milenio, ó abrigo da capital compostelá.

A evolución demográfica foi discordante durante o século XX. Unha primeira etapa abarcaría dende 1900, cando o municipio contaba con 3.231 habitantes, ata 1950 que presenta 4.360 h. Nestes anos móstrase un crecemento estable e continuado de poboación. O efecto contrario prodúcese nunha segunda etapa, caracterizada polo descenso de poboación entre 1960, cando se reduce o número de habitantes ata os 4.234, e 1981, cun padrón que reflexa 3.612 h. Unha última época represéntaa o aumento de poboación dos últimos anos do século, cando se ascende ata os 4.537 habitantes recollidos no padrón de 1996.

No comezo do século XXI o crecemento da poboación continúa, pasando de 5.530 habitantes no ano 2001 ata 6.262 en marzo de 2004, ata chegar ós 7.060 a 1 de xaneiro de 2008.

Sen dúbida, o crecemento experimentado no municipio entre 1996 e 2001 é o de maior proporción demográfica da súa historia. A diferenza entre a poboación de dereito de 1996 (4.537 h.) e a de 2001 (5.530 h.) reflicte un aumento de 993 habitantes en Oroso.

O saldo migratorio constata esta tendencia. No ano 2000 obsérvase un saldo positivo de 322 habitantes. Xa no quinquenio 1991–1996 obsérvase un saldo positivo de 708 habitantes, cunha importante taxa migratoria positiva do 18,7%. Debemos lembrar que este indicador foi lixeiramente negativo durante as décadas dos 70 e 80. A influencia do contorno compostelán perfílase como unha das causas do aumento de entradas de poboación no municipio.



Praza Isaac Díaz Pardo

Pola súa parte, o crecemento vexetativo foi positivo en todo o segmento comparativo, dende 1970. No período 1991–1996 descendeu un pouco o número de nacementos, quedando o índice de movementos vexetativos en 50 habitantes, cunha taxa vexetativa do 1,3%, por debaixo das marxes de sobre o 4% de décadas anteriores. No período 1998–2001 o saldo vexetativo foi positivo, pasando dun saldo positivo de 10 habitantes en 1998 ata 15 en 2001, xa que o número de nacementos aumentou en todo o período.



Unha análise por idades revela un municipio en transición demográfica. En marzo de 2003 os 959 mozos menores de 15 anos representan o 15,81% do total da poboación, mentres que os 835 maiores de 65 anos só o 13,77%. Á súa vez, o total da poboación desagrégase en 3.010 homes e 3.055 mulleres. O grupo de idade máis numerosos é o comprendido entre os 15 e os 65 anos, co 70,42% da poboación total do municipio.





OROSO
NA HISTORIA



A forma de vida dos antigos poboadores do territorio que actualmente coñecemos como Oroso non foi diferente á dos do resto dos concellos que configuran o territorio galego. De acordo cos restos arqueolóxicos encontrados, debemos supoñer que estas terras foron ocupadas no denominado Paleolítico Inferior, é dicir, hai uns 25.000 anos a. de C., data correspondente ó xacemento arqueolóxico das Gándaras de Budiño.

Co Neolítico nace unha nova forma de vida, que leva aparelada a domesticación da natureza e dos animais. Este período correspóndese co megalitismo, a primeira arquitectura lítica da que temos constancia no noso concello. A Cultura Megalítica deixou a súa pegada nun bo número de medorras ou mámoas, que aparecen diseminadas polas distintas parroquias e que temos que situar cronoloxicamente entre o ano 3500 e o 1500 a. de C.

Co paso dos séculos, as comunidades vanse desenvolvendo ata chegaren a unha certa xerarquización e enfrontamento entre os grupos que comparten este espazo xeográfico.



Coa chegada da Idade do Ferro desenvólvese a Cultura Castrexa, que comeza a finais da Idade do Bronce, século VII a. de C., e chega ata o século V. Neste grande período histórico aparece a romanización, o sometemento de moitas tribos ou pobos galaicos por parte do Imperio Romano.

A Idade do Ferro trouxo ó noso concello os primeiros asentamentos estables: os castros, situados en lugares elevados, de estrutura circular e defendidos por fosos. En Oroso hai boa mostra de como eran estes recintos, aínda que desgraciadamente a maioría deles están desfeitos e só queda o topónimo. Unha proba da cerámica e da metalurxia que utilizaban os poboadores dos castros podémola ver no interesante Tesouro de Recouso (Marzoa), unha serie de pezas de ouro que podemos datar entre os séculos IV e I a. de C.

Coa incorporación destas terras ó Imperio Romano e a organización do territorio que este deseña constrúense vías de comunicación, tanto principais como secundarias, que cruzan o concello de Oroso. Algúns historiadores sitúan a mansión *trigundo* en Sigüeiro, ó longo da vía n.º XX, de *Bracara a Lucus* pola costa. Do mesmo xeito temos que deducir que a ponte de Sigüeiro ten a súa orixe nunha ponte romana.

Despois da desmembración do Imperio Romano, e co decorrer dos séculos, as *vilas* de orixe romano serven como base da sociedade feudal ata o século XVIII. Mais temos que deternos nun feito que influíu fortemente na nosa sociedade canda corría o século IX, data da suposta aparición dos restos do Apóstolo Santiago en Compostela.

Despois da noticia, milleiros de peregrinos desprázanse a Compostela por todos os camiños que conducen a ela. Polo denominado Camiño Inglés ou Antigo Camiño Real, que cruza o noso concello, pasaron todos os peregrinos procedentes de Europa e que desembarcaban nos portos do golfo Ártabro.

Por Baxoia, Agrelo, A Santiña, Alto do Mouro, Vilalbarro, A Ulloa, Ponte Sigüeiro... modernos peregrinos seguen as pegadas dos seus antecesores coa meta de abrazar o Apóstolo Santiago en Compostela.

Polo concello de Oroso discorren outros camiños medievais que comunicaban centros de poder político e relixioso, como o Camiño Grande entre Santiago e Betanzos e o Camiño de Sobrado.

A ponte de Sigüeiro, posiblemente o elemento máis emblemático do concello de Oroso, foi cons-



truída sobre o río Tambre ou *Tamara*, tal e como aparece en varios mapas do século XVIII. Tambre, que ten a raíz *tam*, significa correr, fluír cara ó mar, mais tamén podemos aplicala ós romeiros, que dende moi lonxe corren cara a Compostela para encontrárense co seu benfeitor. Un dos arcos desta ponte foi mandado construír por Fernán Pérez de Andrade no século XIV. A ponte de Sigüeiro foi testemuño mudo de moitos acontecementos históricos, dende os sucedidos por disputas nobiliarias ata as batallas protagonizadas por Solís a mediados do século XIX.



Área recreativa da Grabanxa (parroquia de Calvente)





OROSO
TURISMO



PATRIMONIO

Contan os druidas que a forza que rixe o mundo xira en torno a catro elementos, aquel lugar que os conxure será sinónimo da dulzura da verdadeira liberdade, un lugar, onde ser máis feliz que o resto dos mortais. Terra, Aire, Auga, Lume Oroso, os catro elementos... Viveos !!!

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

MEGALITISMO

As mámoas ou medorras son enterramentos datados entre o ano 3500 a. de C. e o 1700 a. de C. Moitas das medorras do concello foron arrasadas, mentres que outras sufriron menos alteracións. Entre elas están:

Medorras do Petón (Senra).

Medorra de Vilar de Arriba (Deixebre).

Medorra do Coto de Lobo (Recouso–Marzoa).

Medorra do Prado de Figueira (Marzoa).

Medorra da Costa (Trasmonte).

Medorra de Gadamíl (Villarromariz).

O achado arqueolóxico máis importante desta época é o machado da Garabanxa (Calvente), duns 4.000 anos de antigüidade.



Igrexa de Senra (Santa Eulalia)

IDADE DO BRONCE

Esta época histórica ten varias fases comprendidas entre o ano 1700 a. de C. e o 500 a. de C. O resto arqueolóxico máis coñecido é a punta de lanza de Deixebre, que ten uns 2.700 anos de antigüidade.

CULTURA CASTREXA

A Cultura Castrexa, caracterizada polos castros ou asentamentos fortificados e situados en zonas elevadas, está datada entre o século VI a. de C. e o século I d. de C. No concello de Oroso hai catalogados 16 castros, mais lamentablemente a maioría

están desfeitos e só se conserva o topónimo. O único ben conservado é o castro de Vilalbarro (Oroso). En varios castros encontrouse cerámica, muíños de man e outros útiles da época. Os restos arqueolóxicos máis importantes da Cultura Castrexa no concello de Oroso atopáronse no castro de Recouso (Marzoa): é o denominado tesouro do castro de Recouso, formado por arracadas, cadeas, argolas... e datado nalgún ano entre o século IV a. de C. e o século I a. de C.

En resumo, podemos enumerar os seguintes castros:

Castro de Recouso (Marzoa), onde apareceu o famoso Tesouro de Recouso.

O Castro. Campo da Igrexa (Marzoa).

Castro de Bouzalonga (Deixebre).

Os Castros (Trasmonte).

O Castro (Deixebre).

Castro de San Román (Pasarelos).

Castro de Vilalbarro (Oroso).

Castro de Arderís (Senra).

Castro de Vilacide (Oroso).

Castro de Vilares (Oroso).

Castro de Senra (Senra).

ARQUITECTURA CIVIL

O concello de Oroso é rico en arquitectura civil e relixiosa. Dentro da primeira destacamos o pazo de Meimixe, do século XVIII, no que chama a atención o seu hórreo descomunal. A casa dos Somoza, en Marzoa, e a casa de Vilar de Abaixo, en Deixebre, son dous exemplos de arquitectura civil do século XIX. Ó longo dos cinco ríos que regan o concello (Tambre, Maruzo, Samo, Lengüelle e Carboeiro) aparecen numerosos muíños, que forman parte do proceso de elaboración do pan. Algúns hórreos resisten o tempo e continúan en pé, como símbolo dunha economía de autosuficiencia que se resiste a morrer. Dentro deste tipo de construcións hai que destacar os hórreos de Gadamil (Vilarromarís), cunha tipoloxía propia da zona.

Ponte de Sigüeiro, séc. XIII–XIV (Sigüeiro).

Ponte Carollo (Carollo).



Muíño de Zan

Ponte Ulloa (Sigüeiro).

Pazo de Meimixe, séc. XVII–XVIII (Os Ánxeles).

Casa, escudo e panteón dos Somoza, séc. XVIII (Marzoa).

Casa dos Raelas, séc. XVIII (Deixebre).

Casa do Carrales (Castro–Senra).

Casa de Carril, séc. XVIII (Oroso).

Casa de Gadamil (Villarromarís).

Escudo da casa do Vinculeiro (Vilares–Senra).

Escudo de Rial (Trasmonte).

Estación da Garga (Trasmonte).

ARQUITECTURA RELIXIOSA

Dentro da arquitectura relixiosa hai que destacar todos os cruceiros, sobre todo o de Oroso, e os elementos barrocos que gardan as igrexas da Gándara e Senra.

No concello hai once igrexas, unha por parroquia, e tres capelas. As capelas están situadas na Garabanza (Calvente), San Román (Pasarelos) e no pazo de Meimixe (Os Ánxeles). Algunhas igrexas gardan interesantes retablos barrocos e neoclásicos. Ó lado das igrexas sitúanse os cruceiros, que van desde os máis sinxelos, en forma de cruz, ata os máis ornamentais. As igrexas, cruceiros e cruces máis destacadas son:
Igrexa de Senra, séc. XVIII, aínda que orixinariamente era románica.

Igrexa da Gándara, séc. XVII e XVIII.

Cruceiro de Oroso, séc. XVIII.

Cruceiro de Senra, séc. XVIII.

Cruceiro de Trasmonte, séc. XVIII.

Lápida en Cardama, séc. XVII.

Cruz das Penas de Valiño (Os Ánxeles).

ARQUITECTURA TRADICIONAL

MUIÑOS

Polos regos e ríos do concello hai dispersos un bo número de muiños, algúns deles aínda en funcionamento. Pódense destacar os seguintes:

Muíño da Grela (Marzoa).

Muíño do Trillo (Gándara).

Muíño de Vigo ou do Rego Tellado (Costa-Trasmonte).

Muíño da Ribeira (Trasmonte).

Conxunto etnográfico dos muiños de Senra e de Cardama (concentración de 11 muiños).

Maquía da Ponte Marzoa (Marzoa).

HÓRREOS

En todas as parroquias do concello encontramos hórreos moi interesantes, tanto da tipoloxía de hórreo de Ordes como de planta alongada. Podemos destacar:

Hórreo do pazo de Meimixe (Os Ánxeles).

Hórreo de Gadamil (Vilarromarís).

Hórreo de Vilarelle (Vilarromarís).

Hórreo en Viñán e na Burata (Senra).

Hórreo en Carollo (Cardama).

Hórreo da Costa (Trasmonte).

CAMIÑOS HISTÓRICOS MEDIEVAIS

CAMIÑO INGLÉS

Comunicaba A Coruña e Betanzos con Santiago de Compostela.

CAMIÑO GRANDE OU FRANCÉS

Comunicaba Sigüeiro con Betanzos.

CAMIÑO A SOBRADO

Comunicaba Sigüeiro con Sobrado dos Monxes.

OUTROS ELEMENTOS DO PATRIMONIO

Reloxo de sol en Cas (Os Ánxeles).

Reloxo de sol no antigo igrexario de Deixebre.

CAZA E PESCA

O concello de Oroso é un dos moitos municipios de Galicia onde se pode practicar o deporte da pesca, pero este concello está fortemente marcado pola abundancia de ríos e regatos, o que fai máis frutífero este deporte.

O concello de Oroso conta na súa xeografía con seis ríos: Lengüelle, Carboeiro, Cabrón, Samo, Maruzo e Tambre. En todos eles está permitida a pesca da troita nas épocas e nas zonas que a tal fin se destinan.



GOLF

Campo de golf (pitch&putt)
Par 54 | 18 hoyos

Outro dos deportes que se pode practicar neste concello é o golf, grazas ás instalacións que Tambre Golf ten situadas en Porto Avieira.

ÁREAS RECREATIVAS

ILLA DO REFUXIO

¿COMO CHEGAR? A 12 km de Santiago, en dirección A Coruña, pola estrada N-550 chegamos á vila de Sigüeiro. Na Praza da Foca collemos a estrada provincial CP-3801, que vai de Sigüeiro a Frades. No km 1 hai un desvío á dereita chamado camiño do Refuxio. Percorremos uns 200 metros e atopamos unha paraxe natural de gran beleza, formada por unha insua situada no medio do río Tambre.

SERVIZOS

Superficie> 0,6 hectáreas
9 mesas familiares
1 gran barbacoa,
2 pequenas
1 fonte
Varios contenedores de lixo
Amplia zona de aparcadoiro
1 mesón privado (aberto os
meses de verán)

DESCRIPCIÓN É unha insua de forma alongada situada a rentes dunha presa. Na parte norte ten unha pequena praia fluvial. A súa superficie está cuberta de carballos de gran tamaño que ofrecen unha espeda sombra no verán. A insua está rodeada de amieiros e de salgueiros, vexetación característica das ribeiras dos ríos que atravesan o concello. Dúas pasarelas de cemento, unha por cada lado do río, dan acceso á insua. Para aproveitar a riqueza troiteira do Tambre nesta zona creouse o couto de pesca «Sigüeiro», un dos máis troiteiros e apreciados polos pescadores de toda a provincia.

PENATEIXA

¿COMO CHEGAR? Dende a vila de Sigüeiro, concretamente desde a Praza da Foca, sae a estrada provincial CP-3801 en dirección a Frades. A 1,5 quilómetros encontramos un cartel que nos indica o desvío para chegar á área recreativa. Seguindo ese desvío a uns 100 metros entramos na área recreativa, regada na súa marxe dereita polo río Tambre.

SERVIZOS

6 mesas familiares
Varios contenedores de lixo
Amplia zona de aparcadoiro
1 mesón privado
(aberto todo o ano)

DESCRIPCIÓN A área recreativa de Penateixa está formada por un espazo aberto delimitado por ringleiras de amieiros e de carballos perpendiculares ó río. Ofrece un amplo espazo para gozar do sol e para que corran os nenos, e un segundo de sombra debaixo do arboredo. En distintas zonas da área

recreativa poden verse frondosos carballos e piñeiros. Ó longo do río os pescadores poden gozaa no couto de pesca «Sigüeiro».

PONTE ARDERÍS

¿COMO CHEGAR? Dende a vila de Sigüeiro, concretamente desde a Praza da Foca, sae a estrada provincial CP-3801 en dirección a Frades. A 10,5 quilómetros encontramos un cartel que nos indica a área recreativa, ó lado da estrada e da Ponte Arderís, na parroquia de Senra.

DESCRIPCIÓN A área recreativa da Ponte Arderís está formada por unha pequena parcela na marxe esquerda do río Samo, afluente do Tambre. Foi inaugurada no ano 1997. Nela medran amieiros, carballos, bidueiros, castiñeiros e algunha mimosa. Destacan unhas pequenas escaleiras de pedra que baixan ó río, a unha zona remansada e moi apropiada para o baño estival.

SERVIZOS

- 5 mesas familiares
- 2 grellas
- 1 contenedor de lixo



Illa do Refuxio (Sigüeiro)

O CACHOPAL

¿COMO CHEGAR? No quilómetro 12,5 da estrada provincial CP-3801 Sigüeiro-Frades chegamos á aldea do Cachopal, na parroquia de San Mamede dos Ánxeles. Collemos a pista asfaltada á dereita en dirección á igrexa de San Mamede. A uns 400 metros da estrada xeral, á dereita, está a área recreativa do Cachopal.

SERVIZOS DESCRICIÓN A área recreativa do Cachopal está formada por dúas parcelas situadas na marxe dereita do río Maruzo, afluente do Tambre. A parte norte está poboada por frondosos piñeiros e a rentes do río hai unha pradería. Destaca nesta última zona o muíño da ponte, de dous pés, restaurado parcialmente no ano 1996. Esta área recreativa foi inaugurada no ano 1997 e está rodeada por amieiros e carballos.

6 mesas familiares
2 grellas
1 fonte
1 contedor de lixo

MUÍÑO DE VIGO OU DO REGO TELLADO

¿COMO CHEGAR? Indo pola N-550 en dirección á Coruña, á altura do km 43 xírase cara a unha pista que hai á esquerda, xusto en fronte do taller «Maquinaria Oroso». Hai que circular uns 300 metros por esa pista asfaltada e deixar atrás un cruce. A aproximadamente 150 metros do cruce, e circulando xa por unha pista de terra, hai unha desviación á dereita que nos leva directamente á área recreativa do muíño do Rego Tellado.



SERVIZOS DESCRICIÓN A área recreativa do Rego Tellado é un espazo natural de reducidas dimensións que conta para o seu atractivo cun muíño que rehabilitou o concello no ano 2004. Esta área atópase rodeada de amieiros, bidueiros, carballos, abeneiros e prados, que lle confiren a este espazo un encanto especial e o converten nun lugar digno de ir ver.

1 gran mesa de pedra con capacidade para 30 persoas
1 grella
1 muíño en activo
1 W. C.



Entrada do Camiño Inglés (Sigüeiro)

O CAMIÑO INGLÉS A SANTIAGO

Na provincia da Coruña, a importancia e antigüidade da ruta denominada «inglesa» vén demostrada pola existencia dunha serie de institucións que medraron considerablemente a partir do século XII, favorecidas polo comercio internacional terrestre e marítimo. Estas institucións que se atopan ó longo da ruta son unhas de carácter benéfico, como hospitais, lazaretos, pontes ou pousadas, e outras cun eminente carácter de protección, como a orde militar dos Templarios, sen esquecer que os conventos de monxes estiveron tamén vencellados ó fenómeno do descubrimento ou invención do sepulcro do apóstolo Santiago. Esta frecuentada ruta cara a Santiago, máis curta e práctica para os que, procedentes do norte e oeste de Europa, chegaban ós seguros portos de Galicia por vía marítima, consta de dous tramos: un que saía ó principio do Burgo de Faro e máis tarde da Coruña; outro que tiña o seu comezo en Neda ou Ferrol e que coincidían, segundo algúns testemuños en Bruma e segundo

outros na capela de San Roque das Travesas, para continuar por un mesmo itinerario ata chegar a Compostela. Aínda que o Camiño Inglés non tivo a importancia do seu «rival» francés, non debemos esquecer que deu lugar a un numeroso fluxo de peregrinos.

OS TRAMOS DO CAMIÑO INGLÉS

TRAMO DE FERROL A MIÑO

Partindo de Ferrol, o Camiño Inglés empeza nos peiraos de Curuxeiras, no arrabalde que ocupa os terreos do porto medieval. Deixando atrás o Paseo da Mariña, a ruta leva á igrexa de San Francisco, situada entre o arrabalde vello e a ordenación neoclásica da Madalena. A ruta segue pola rúa Real e intérnase na Madalena. Un dos edificios máis significativos para a peregrinación é o Hospital da Caridade —hoxe Centro Cultural Torrente Ballester—, construído en 1780 para auxilio dos enfermos, pobres e peregrinos. No que atinxe ás igrexas, a principal é a concatedral de San Xián. A rúa Real conduce á Praza de Amboaxe, onde se atopa a capela das Dores. Seguindo a mesma rúa, aparecen despois a Praza de Armas e o Pazo Consistorial, construído en 1953. Continúase pola rúa Real, rúa do Carme, praza do Callao e Cantón de Molíns para chegar á igrexa das Angustias, outro dos templos neoclásicos de Ferrol. O camiño segue cara ós arrabaldes de Recemil e Caranza. O polígono industrial da Gándara anuncia a proximidade de Narón. Continúase pola Avenida do Mar, paralela á ría, e tómase cara a Neda. A rúa da Pena leva cara ó mosteiro de San Martiño de Xuvia (O Couto). A ruta continúa ata entroncar co camiño do Salto, pasa polo muíño de marea das Aceas de Lembeie e cruza a ponte do río Xuvia para entrar en Neda. O peregrino conta hoxe cun moderno albergue na beira do río Xuvia. Visítase a igrexa de Santa María, e o hospital de peregrinos de Sancti Spiritus. Camiñase despois pola rúa Real, coas súas casas con soportais dos séculos XVII e XVIII e pola rúa do Castro, ata a igrexa de San Nicolás. Deixase atrás Neda para seguir polo Regueiro, o Puntal de



Río Tambre (Sigüeiro)

Arriba e Conces ata entrar en Fene, concello industrial célebre polos talleres e estaleiros de Astano. Saíndo da vila, a ruta enlaza co camiño real, arrodea o polígono industrial de Vilar do Colo e penetra en Cabanas. Un desvío previo leva a un vello muíño e á igrexa de San Martiño do Porto, de fermosa portada barroca. En Cabanas, en pleno esteiro do Eume, o peregrino pode descansar na praia da Madalena, antes de seguir polo paseo marítimo, cruzar a ponte e entrar en Pontedeume. Aquí destacan o convento de Santo Agostiño, a capela das Virtudes, a torre da homenaxe do castelo dos Andrade, a igrexa de Santiago, a casa natal de Bartolomeu Raxoi, arcebispo de Santiago entre 1751 e 1772, e a Casa do Concello, pegada á Torre Ulloa. Deixando atrás Pontedeume, pódese tomar o desvío á igrexa románica de San Miguel de Breamo. Despois séguese ata a aldea de Buiña, para tomar a dirección de Perbes. Se non se elixe este desvío por Breamo, o camiño leva ata Buiña e pasa polos lugares de Viadeiro e Bañobre. Despois de cruzar o río Baxoi por unha ponte medieval dun arco único, éntrase en Miño polo camiño real ata a praza do mercado. Preto do mar está o albergue dos peregrinos.

TRAMO DE MIÑO A BRUMA

A ruta deixa Miño pola rúa Real ata a estación de ferrocarril. Cruza a vía e volve á beira do mar, moi presente nos primeiros tramos do Camiño Inglés.



Parque da praza Alexandre Bóveda

Chégase así ata a Ponte do Porco, no esteiro do río Lambre. O camiño penetra en zona de monte ata chegar ó pazo de Montecarlo e á igrexa de San Pantaleón das Viñas. O camiño baixa e empeza de novo un ascenso en dirección a Matabalcos, pasando por Chantada e Guende. Algo despois, o peregrino chega ó lugar de Souto, onde existe unha igrexa románica reconstruída no século XIX. O camiño discorre por terreos chans antes de baixar cara a Betanzos, traxecto que ofrece unha boa panorámica da ría de Betanzos e das súas marismas. Na aldea de Gas hai unha antiga fonte cunha cruz. Despois segue ata A Rúa e continúa ata a igrexa románica de San Martiño de Tiobre; pasa polo pazo de Barral, descende a costa do Sabugueiro e chega ó lugar de Caraña. O itinerario leva ó peregrino ata o santuario de Nosa Señora do Camiño (Os Remedios), parroquia de Tiobre. O peregrino cruza o río Mandeo pola Ponte Vella e entra en Betanzos polo arco da Ponte Vella, unha das portas da muralla medieval. A rúa dos Prateiros conduce ata a Porta da Vila e á populosa praza de García Irmáns. Deixando atrás esta praza, a ruta segue pola rúa do Rollo ata a ponte vella das Cascas, sobre o río Mendo. Abandona o núcleo urbano e segue ata os lugares de Couto, Campo-deira e Xanrozo, para entrar, máis adiante, no concello de Abegondo. Deixa atrás Limiñón, cruza a súa ponte, pasa por diante da igrexa de Santo Antón de Cos e avanza en dirección á aldea de

Cima de Vila. A ruta pasa entre as súas casas, moi preto da igrexa de Santiago de Meangos, e continúa ata a ponte de Presedo, que cruza e segue ata a igrexa de Presedo. Prosegue despois polo monte e pasa polos lugares de Leiro e O Loureiro. Segue o Camiño Inglés en dirección a Francos, deixa atrás os sombreados lugares do Matiño e Boucello, chega á vella e abandonada ermida de San Paio e continúa ata a igrexa de San Tomé de Vilacoba. Axiña chega ó núcleo do Monte, penetrando nun bosque que conduce ata Fontenla e a Malata.



Capela de San Román de Transmonte

Unha vez no concello de Ordes, a ruta penetra nunca zona agrícola ata chegar a Bruma (concello de Mesía), onde existen restos do antigo hospital de peregrinos de orixe medieval, vinculado ó hospital de Santiago. Na aldea de Bruma hai un novo albergue de peregrinos, despois de rehabilitarse unha antiga casa rural, con 21 prazas.

TRAMO DA CORUÑA A BRUMA

Comeza o itinerario na igrexa de Santiago. Continúase ata a Porta Real, moi preto da Praza de María Pita. A ruta segue cara ós Cantóns pola Avenida da Mariña, cos seus soportais e emblemáticas galerías. Segue polas rúas Sánchez Bregua e Linares Rivas ata Catro Camiños e continúa polas rúas Fernández Latorre e Pérez Ardá, cara ó arrabalde de Eirís. A ruta coincide co camiño real de Castela ata Palavea e o Portazgo, deixa o concello coruñés e entra en Culleredo. Pasa pola Corveira e Rutis e segue ata a igrexa parroquial de Vilboa. Tras pasar unha ponte do XVIII continúa ata Alvedro. Segue despois ata A Costa, deixa atrás o río Valiñas e chega ó concello de Cambre. Atravesa as parroquias de Sigrás e Anceis. En Castro de Sigrás apréciase o perfil do poboado prerromano, nas abas do cal se construíu un hospital de peregrinos, e a igrexa románica de Santiago de Sigrás. A ruta conduce á igrexa románica de Anceis, deixa atrás as ruínas das fábricas de papel e curtidos e continúa ata Drozo e o pazo de Anceis, antes de cruzar o norte do concello de Carral por San Martiño de Tabeaio, O Corpo Santo, Belvís, Montecelo, A Calle e A Baillía. Entra en Abegondo, separado de Carral polo río Barcés, pasando por Aquelabanda e Desabanda, A Calle e Fontán, preto de Sarandós. Segue ata San Bartolomeu e As Travesas e chega ó Hospital de Bruma pola Malata.

TRAMO DE BRUMA A SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dende a capela de Bruma, a ruta conduce ó concello de Ordes, pasando polo Seixo e Cabeza de Lobo, cruza a parroquia de Ardemil, para seguir ata os lugares da Carreira, As Mámoas e A Carballreira. A ruta, despois dun camiño de monte, chega ó lugar da Rúa, coa igrexa de San Paio de Buscás. O peregrino deixa atrás o muiño de Trabes, cruza a ponte do Cubo e segue cara ó Outeiro de Abaixo. Un carreiro entre árbores leva á igrexa de San Xulián de Poulo, no Outeiro de Arriba. O peregrino percorre A Senra e A Calle. Continúa ata O Carba-



llo e chega ó lugar da Casanova. O camiño cruza a ponte de Ponte Pereira, métese no bosque e chega ó lugar dos Carrás. Nesta zona de prados existen numerosos mananciais, polo que, ás veces, a ruta está impracticable. Despois segue ata o lugar de Baxoia, de amplas panorámicas, xa no concello de Oroso. Pasando Baxoia avévesase a autoestrada a uns 250 metros do núcleo. Seguimos unha corredeira que leva a Cacheiros. En Cacheiros collemos á dereita en dirección a Sigüeiro, distante 6 quilómetros; pásase por unha zona de pasteiros e cultivos, e a carón do núcleo de Oroso de Abaixo, todo por pista de concentración parcelaria. Por ela chegamos ata preto de Sigüeiro, xirando á esquerda e saíndo á estrada no lugar da Foca. Seguimos ata Sigüeiro, onde, ó chegarmos ó cruce coa N-550, collemos á dereita e atravesamos a ponte sobre o río Tambre, que é unha ponte románica do século XII amañada no XIV e recentemente ensanchada de xeito desafortunado. Despois de pasar a ponte de Sigüeiro sobre o río Tambre, o peregrino está no concello de Santiago de Compostela. Unha vez cruzada a ponte, hai un camiño asfaltado á esquerda que nos leva á igrexa da Barciela. Tomamos o camiño á dereita, que pasa fronte a ela, xunto ó palco da música. Ó pouco pasamos por unha escola abandonada. Sempre cara á dereita, desembocamos na estrada que vai ó aeroporto. Cruzamos esta estrada en liña recta, subindo por un camiño de terra, que despois xira á esquerda e vai facendo zigzag paralelo á autoestrada. Chegamos a un paso subterráneo desta, sen facerlle caso, e marchamos paralelamente á autoestrada. Despois pasamos un piñeiral e no seguinte paso baixo a autoestrada cruzamos cara á dereita. Hai un campo de fútbol (Marantes) á dereita e unha gran pedra á esquerda. Torcemos á esquerda e logo á esquerda outra vez, onde hai un cruceiro. Máis adiante encontramos a capela de Agualada. Pasámola e torcemos á dereita, chegando así á estrada N-550, que atravesamos por un paso subterráneo. Deste lado da estrada atopamos uns muíños e unha fonte, a Fonte do Inglés.



Capela da Grabanxa

De seguida collemos un camiño á esquerda, e logo á dereita, polo camiño que vai paralelo á N-550. O camiño segue ata un pequeno río, o Sionlla, que se atravesa pola estrada. Ó cruzar a ponte deste río subimos cara ó colexio e o campo de fútbol. De inmediato torcemos á esquerda, en dirección ó castro que se ve no alto. Ó pasalo vemos unha canteira e logo o hotel Castro, que pasamos por detrás. Seguimos o camiño entre árbores e desembocamos na vía Galileo, no polígono industrial do Tambre. Pasamos pola rúa das Mulas, a rúa do Tambre e Meixonfrío, acabando na N-550. Seguimos esta estrada pasando polo antigo Mercado de Salgueiriños e por San Caetano, seguimos cara a Pastoriza, Os Basquiños, Santa Clara, rúa dos Loureiros, Porta da Pena, Praza de San Martiño Pinario, rúa da Troita, Acibechería, Vía Sacra, Casa da Parra, A Quintana e a catedral.

ALGÚNS USUARIOS DO CAMIÑO INGLÉS

O primeiro peregrino escandinavo a Galicia seica foi o rei noruegués Sirgud, no 1108, e o primeiro anglosaxón parece que foi o que despois sería San Godric, na primeira década do século XI. As cruzadas medievais van dar lugar á chegada á Coruña dun gran número de peregrinos. Durante a terceira cruzada, no 1189, sesenta navíos dinamarqueses tardaron dez días en chegar desde Inglaterra á Coruña. Na quinta cruzada chegaron no 1217 ó

porto da Coruña 350 barcos con cruzados holandeses, xermanos, frisóns, flamengos e noruegueses, e todos dunha vez. Nun día e nunha noite foron a Santiago. Estiveron na Coruña nove días. Impacientes, moitos ergueron áncoras antes de se calmaren os ventos e naufragaron en distintos puntos da costa galega. Cando se volveron xuntar en Lisboa para intervir na reconquista portuguesa xa morrera un terzo. No 1386, no marco da Guerra dos Cen Anos, o Duque de Lancaster fixo unha visita guerreira a Compostela. Tardou cinco días en facer a travesía desde Brest á Coruña. Cando uns cabaleiros peregrinos franceses que estaban en Compostela se decataron, montaron a cabalo e chegaron aquela mesma noite, pero non puideron evitar que o Duque, co seu exército, chegase ás portas de Compostela, da que lle foron entregadas as súas chaves. A finais do século XIV a romaría marítima medrara dun xeito notorio. No 1417 a escritora Margery Rompe, coñecedora tamén de Roma e de Xerusalén, empregou unha semana na viaxe de Bristol á Coruña e cinco días para o regreso. A narración de William Wey, mestre en Eton, da súa travesía á Coruña no 1456 é probablemente a maior contribución individual inglesa á historia das peregrinacións dende as illas británicas. No relato conta, entre outros aspectos, os seus tres días na Coruña; narra, por exemplo, como ouviu predicar en inglés un bacharel desa mesma nacionalidade na igrexa dos franciscanos da Coruña. Ademais dos ingleses, os alemáns tamén foron moi asiduos do porto coruñés, sirva como exemplo que no ano 1473 partiron de Hamburgo catro navíos en dirección á Coruña. O bispo armenio Mártir de Arzendjan fixo unha peregrinaxe a Roma en 1489, achegándose despois a Santiago. Tamén membros da familia real española fixeron peregrinación a Compostela usando o porto coruñés. Carlos I, en 1520, embarcou desde o porto coruñés para ser coroado emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico. Tamén Filipe II fixo desde A Coruña a viaxe por mar para casar coa raíña María Tudor de Inglaterra en xuño de 1554. A Reforma protestante



provocou a crise da ruta marítima, xa que os que máis a utilizaban (ingleses, escandinavos e xermanos do norte) foron os primeiros en adherirse ás novas ideas. O astrónomo veneciano Bartolomeu Fontana viaxou a Compostela no ano 1538, entrando en Galicia por Ribadeo e pasando polas rías de Ortigueira, Ferrol e Ares, na que se hospedou no hospital de Pontedeume, situado no medio da ponte, e da que dixo que «en todos os meus días nunca vin unha ponte de semellante lonxitude». Tamén o futuro Cosme III de Médicis fixo unha viaxe a Compostela, aínda que, segundo contan, non quedou moi satisfeito dela. En 1609 viaxou a Compostela Xacobo de Sobieski, pai de Xoán III, rei de Polonia. Un valioso testemuño para o coñecemento do Camiño Real da Coruña a Santiago, e de Ferrol a Santiago, constitúeno as viaxes que fixo o Padre Martín Sarmiento no 1745 e 1754, do que nós nos servimos. No 1806 o conde e arqueólogo francés A. de Laborde deixou relatada a viaxe A Coruña–Santiago, marcando as distancias en leguas; afirma que o camiño é moi fermoso. No século XIX houbo un rexurdir das peregrinacións, o que ten moito que ver co espírito emprendedor de Thomas Cook: foi el quen fixo a primeira expedición organizada a Terra Santa no 1867. Hoxe en día a peregrinación acadou un impulso espectacular que ten moito que ver coa idea da viaxe, o espazo e o tempo para a meditación, para a conversa cos outros e, sobre todo, cun mesmo.



RUTAS DE SENDEIRISMO NO CONCELLO DE OROSO

RUTA DO CAMIÑO REAL

FICHA TÉCNICA

DEFINICIÓN Ruta de interese histórico, arqueolóxico, arquitectónico e natural que discorre ao longo do desaparecido antigo Camiño Real ou Inglés, que comunicaba as cidades da Coruña e Betanzos con Santiago de Compostela.

LOCALIZACIÓN Parroquias de Deixebre e de Oroso (concello de Oroso).

LONXITUDE 11,140 km

DURACIÓN ESTIMADA Sen paradas: 3 horas a unha velocidade de 3,7 km/h. Con paradas de 10 minutos: 4 horas e 50 minutos.

PUNTO DE PARTIDA O Castro, no límite dos concellos de Ordes e de Oroso.

PUNTO DE CHEGADA Ponte Sigüeiro, no límite co concello de Santiago de Compostela.

NÚMERO DE PARADAS 11

DESNIVEL Cota máxima: 320 m Cota mínima: 220 m


GRAO DE DIFICULTADE Baixo

CARTOGRAFÍA Folla III (Ordes) e IV (Xanceda). E.1:25.000 da folia n.º 70. Folla I (Sigüeiro) e II (O Pino). E.1:25.000 da folia n.º 95. Instituto Xeográfico Nacional.

PRECAUCIÓNS Cruce de estradas e de pistas.

EQUIPO Botas de sendeirismo, roupa cómoda, comida, auga, pequena caixa de urxencias, protector solar, crema hidratante, plano da ruta, máquina fotográfica, chaleco reflector.

Inverno: impermeable, botas de auga, roupa de abrigo.



DISTANCIAS QUILOMÉTRICAS

1	(INICIO) O CASTRO. LÍMITE ENTRE OS CONCELLO DE ORDES E DE OROSO	0,000 km	0,000 km
2	BAXOIA	1,000 km	1,000 km
3	MEDORRA DE VILAR DE ARRIBA	2,356 km	1,356 km
4	FONTE DA SANTIÑA	3,630 km	1,274 km
5	CRUCEIRO DE OROSO	6,302 km	2,672 km
6	CASTRO DE VILALBARRO	7,204 km	0,902 km
7	CAMPO DA MALATA	8,210 km	1,006 km
8	CASTRO DE VILARES	8,362 km	0,152 km
9	PONTE ULLOA	10,191 km	1,829 km
10	SIGÜEIRO (PRAZA DO CONCELLO)	10,625 km	0,434 km
11	(FINAL) PONTE SIGÜEIRO	11,140 km	0,515 km



Casa Carril en Oroso

Unha das denominacións do vello camiño medieval que comunicaba as cidades da Coruña e Betanzos con Santiago de Compostela é Camiño «Real», xa que, segundo a sabedoría popular, foi percorrido por todo tipo de persoas, incluídos reis e príncipes. Efectivamente, desde o século XII até finais do século XVIII, este camiño era o único que comunicaba as cidades anteriormente citadas e, ademais, era utilizado por milleiros de peregrinos que desembarcaban nos portos da Coruña ou da súa periferia e que posteriormente se dirixían a pé a Compostela para visitar a tumba do Apóstolo Santiago.

Unha segunda denominación de Camiño Real vén dada polo feito de que o rei Filipe II percorreu esta ruta no ano 1554, facendo noite en Poulo (concello de Ordes).

Non obstante, a denominación oficial que utilizou o goberno do Estado para bautizar grandes vías de comunicación como «Camiños Reais» data do século XVIII, durante o reinado de Carlos III, cando se promulga o Real Decreto do 10 de xuño de 1761,

mediante o cal se idean grandes vías de comunicación entre as capitais provinciais. Como resultado deste decreto, créase o Camiño Real de Galicia, entre Madrid e A Coruña. Pouco máis tarde, proxéctanse varios Camiños Reais Secundarios, entre eles o Camiño Novo da Coruña a Santiago no ano 1770. Este camiño, empedrado e ancho, ía diferir do trazado do camiño medieval e, posteriormente, converteríase na actual Nacional 550 A Coruña–Pontevedra. Polo tanto o Camiño Real oficial sería este, e o vello camiño medieval pasaría a chamarse Antigo Camiño Real ou Camiño Inglés, por seren desta procedencia a maioría dos peregrinos que chegaron aos portos do Atlántico para despois dirixirse cara a Santiago.

Por desgraza, e debido á construción da autoestrada, o camiño medieval no concello de Oroso foi destruído case na súa totalidade. Aínda así quedan pequenos restos e hai fontes documentais suficientes, tanto escritas como orais, para saber cal era o seu trazado. Esta proposta de sendeiro achégase o máis posible a ese trazado, podendo ver todos os lugares emblemáticos e cheos de historia que estaban ao longo da vella vía de comunicación desaparecida.

Mais antes de pasar a describir o percorrido, consideramos que é preciso aclarar a importancia que tiveron os portos do Burgo e da Coruña como receptores de peregrinos, romeiros que despois terán que percorrer os concellos da Coruña, Culleredo, Cambre, Carral, Abegondo, Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

O CAMIÑO: ORIXES, PARADAS E PATRIMONIO

Ao longo da Idade Media chegaban a Santiago peregrinos franceses, alemáns, ingleses, italianos e de gran parte dos países cristiáns; porén, os que viñan de Inglaterra amosan un interese especial por dous motivos: por unha banda, debido á gran cantidade de fontes nas que rexistraban as súas peregrinaxes, e, pola outra, debido ao feito de que moitos deles chegaban a Santiago por vía marítima.

Estes primeiros peregrinos aproveitarán as antigas vías de comunicación romanas entre A Coruña e Santiago. No século XII, data de fundación do Hospital de Bruma (concello de Mesía), é seguro que o chamado Camiño Inglés ou de «Faro» (Torre de Hércules, referencia antiga do que hoxe é A Coruña e toda a súa periferia) estaba perfecta e definitivamente consolidado.

Sabemos que daquela o Camiño de Santiago era aquel que só se podía percorrer a pé ou a cabalo; precisamente, seguindo diversos historiadores,



O Castro, no límite entre Oroso e Ordes

considérase que o que dá coherencia ao esplendoroso conxunto de monumentos do Camiño de Santiago é o humilde carreiro ou corredoira rural.

A organización e consolidación do Camiño Inglés ou de Faro estaba en pleno auge xa dende mediados do século XII. Diversos documentos, sobre todo refe-

rentes a estudos das rutas marítimas na Idade Media, falan de continuas arribadas de barcos *francorum* ao porto do Burgo (concello de Culleredo), palabra que se interpreta como sinónima de peregrino. Aínda que a procedencia dos barcos podía ser variada, e aínda considerando que se refire a comerciantes gascóns que partían do porto de La Rochelle, o que parece indubidable é que os barcos efectivamente transportaban tamén peregrinos. Dende o século XII, por tanto, chegan constantemente viaxeiros ingleses que peregrinan a Compostela, e é o porto do Burgo de Faro o lugar de acollida.

O porto do Burgo constituía un dos principais puntos de arribada dos peregrinos procedentes de todo o norte de Europa. Santiago de Compostela non era o seu único destino, posto que logo continuaban a súa singradura cara a Palestina (lugar de nacemento de Xesús).

No Burgo aséntase a ponte vella, que ademais de sinalar o límite das augas navegables da ría, estaba a servir de peirao para a carga e descarga de mercadorías e de peregrinos.

A partir do século XIII vai ser no porto da Coruña onde atraquen a meirande parte dos barcos do norte. A importancia deste porto está suficientemente contrastada dada a existencia do Faro (Torre de Hércules), datado no século II d. de X. C.

Temos, pois, que desde o século XII hai unha continua chegada de viaxeiros ingleses que ían de peregrinación a Santiago, e era o porto do Burgo de Faro o que estaba a recibir a meirande parte, posto que o peirao da Coruña aínda non existía. A partir do século XII, e sobre todo no XIII, vai ser o novo porto da Coruña o lugar onde atraquen a meirande parte dos barcos.

Efectivamente, aínda que orixinarmente o punto de arribada era o do Burgo de Faro, a partir do século XIII o *portus magnus artabrorum* vaise converter



Camino Inglés

no máis importante de chegada de peregrinos por mar. É probable que por mor dos constantes ataques dos piratas normandos, viquingos e sarracenos, o asentamento de poboación da Coruña se fora abandonando nalgún momento a partir do século VI d. de X. C., co que a poboación se ía desprazar até O Burgo: os barcos preferían este porto, pola mellor situación estratéxica e defensiva, que os da vertente atlántica para acoller o tráfico marítimo que chegaba do norte de Europa.

Logo dos primeiros anos do século XIII a Coruña xa é unha vila fortificada e próspera e ao seu porto chegaba o tráfico que se dirixía cara ao sur. Deste xeito, o porto da Coruña converterase no mellor de todo o norte galaico, e será o preferido polos navegantes do norte de Europa debido á súa inmillorable situación e ao seu fondo calado. A monarquía colabora neste auxe favorecendo a cidade con diversos privilexios: tanto Afonso X como os seus sucesores recórtanlles aos portos do contorno aquelas vantaxes que puideran facer competencia ao peirao da Coruña; é así que a cidade terá un inmillorable foro que lle permitirá triunfar sobre a cidade de Betanzos, tanto polos privilexios concedidos por Afonso X e Afonso XI como polas mellores condicións do porto coruñés para os navíos de gran tonelaxe.

Na segunda metade do século XIII e no primeiro terzo do século XIV o porto da cidade herculina, xa consolidado, constituirase no máis importante de Galicia, xa que é a sede da Administración do Estado, das arcas da Facenda..., o que permitirá a conformación dunha importante burguesía comercial. Débese subliñar que a existencia do santuario do Apóstolo e a chegada de milleiros de peregrinos foi causa da entrada en Galicia dos circuítos económico–culturais internacionais: coas peregrinacións chegan os mercadores e mercadorías do estranxeiro que posibilitan unha actividade comercial intimamente cinguida á atracción de Santiago.

Seguindo as liñas argumentais dun dos capítulos da tese doutoral de Elisa Ferreira Priegue, a chegada de peregrinos ingleses a Galicia prodúcese dende os primeiros intres das peregrinacións xacobeanas. As naves inglesas chegaban todos os anos á Coruña e, nos anos xubilares, esta presenza era masiva. Os numerosos documentos investigados pola doutora Priegue demostran que o porto da Coruña era o «único porto de desembarco dos viaxeiros ingleses». As súas pescudas levárona a constatar que a presenza ocasional de barcos anglosaxóns noutros portos galegos débese a arribadas forzosas e a escalas técnicas. É así que considera que antes da fundación da Coruña os ingleses entraban, nalgúns casos, polo Burgo de Faro, e noutros (e sobre todo), por Padrón, pero cando se fundou esta cidade o tráfico de peregrinos ingleses e o da meirande parte dos pobos nórdicos canalizouse definitivamente polo porto da Coruña.

Elisa Ferreira recolle unha reconstrución da transcripción fonética dunha cantiga que anotou o mariño William Wey e que cantaban os «rillotes» da Coruña arredor dos peregrinos:

*Santiago de Compostela já vos leve á vosa terra,
Santiago boo barón, já vos dé boo perdón,
Boo tempo, boa vía, boo vento, boa travessia
Dade a estes que son cá unha branca á vossa cortesía.*

O tempo que os barcos dos peregrinos permanecían no porto da Coruña variaba entre sete e dez días para iren estes a Compostela e dous ou tres días máis ata que saían da Coruña. A explicación para unha estadía tan corta pódese atopar no estrito control que as autoridades impoñían a estes viaxeiros e. Ademais, pode servir de punto de apoio para a nosa consideración inicial do Camiño como conformado por Vías, Estacións e Sinais: a rota tiña que ser «única» e estar perfectamente determinada e marcada para permitir esas viaxes tan curtas.



Detalle da Ponte Sigüeiro

A viaxe da Coruña a Compostela non se podía facer nunha xornada, polo que necesariamente tiñan que existir paradas e pousadas. Estas paradas non eran só para durmir, senón tamén para comer, beber, descansar ou rezar. Polo tanto, tamén eran estacións as fontes, os hospitais («hospitalidade»), os núcleos de poboación e os santuarios (ermidas, igrexas parroquiais ou mosteiros). Os núcleos urbanos estaban intimamente unidos ás vías e servían de estacións xa dende os romanos: por iso, unha vía percorrida por calquera tipo de camiñante ou xinete era inconcibible sen fontes, hospitais ou poboacións. Incluso xa na Idade Media esas vías se daban a coñecer por medio das súas estacións (*Códice calixtino*).

As pegadas do tránsito de milleiros de peregrinos ao longo da Historia aprécianse nas fontes, nos marcos

de termo, nos cruceiros, nas capelas, nas igrexas parroquiais, nas pousadas, pero as vías amosan outras peculiaridades que se manifestan cando hai cruzamentos con lindeiros naturais ou artificiais. Por exemplo, se o límite natural é un río, cando se atopa cunha vía, o seu encontro pódese producir mediante un vao ou unha ponte; se o límite é unha liña de costa ou un cumo, o cruzamento cunha vía pode ser un porto de mar, de montaña ou un túnel; por último, se o cruzamento é cun límite artificial ou administrativo, sinálase simplemente cunha cruz de termo, cunha porta, etc. Isto supón o tránsito dun punto a outro, dun recinto a outro, feito que é esencial para os camiños, que teñen grande importancia sobre todo na Idade Media, polo que dan lugar a unha extraordinaria literatura simbólica. Non é por casualidade que o paso por un monte se chame porto ou porta, os pasos do mar portos e as entradas ás cidades e ás casas se chamen portas. A porta é un dos símbolos máis universais, de xeito que sinala, como se dicía, o paso ou tránsito dun lugar a outro completamente diferente.

O Antigo Camiño Real, Camiño de Faro ou Camiño Inglés, xunto cos demais camiños de peregrinaxe a Compostela, é un dos patrimonios de máis importancia do noso país. Nas rutas xacobeas, tanto a paisaxe rural como a urbana constitúen unha das herdanzas máis admirables que deben ser conservadas.

Debemos sinalar que isto se debe a que ao longo destes camiños encontramos un rico patrimonio arqueolóxico (medorras, castros e vías romanas), etnográfico (muiños, maquías) e artístico–relixioso (igrexas, cruceiros, capelas), así como mostras da arquitectura tradicional. Sen dúbida, antes e agora, a vida económica, social e relixiosa desenvólvese ao longo dos camiños.

DESCRIPCIÓN PORMENORIZADA

A ruta do Camiño Real que imos seguir parte do lugar do Castro, no límite entre o concello de Ordes

e o concello de Oroso, próximo á aldea de Baxoia (parroquia de Deixebre). Para chegar até este punto hai que situarse no lugar dos Carballos (Deixebre), na estrada N-550. Neste cruce, ao lado da igrexa Parroquial, hai que coller a estrada que vai a Folgo-so. A 1 km, á esquerda, está Baxoia.

O CASTRO. LÍMITE ENTRE OS CONCELLOS DE ORDES E DE OROSO

O camiño medieval de peregrinaxe a Compostela procede do concello de Ordes. Nese municipio está a importante parroquia de Poulo, un núcleo de poboación con casas do século XVII e XVIII, entre elas a pousada na que fixo noite Filipe II no ano 1554. Despois de Poulo o camiño continúa pola Ponte Pereira, que algúns historiadores cualifican como medieval, e segue por Carrás, topónimo relacionado co paso dos carros.

Despois de pasar ao lado do castro de Carrás, o camiño entra no concello de Oroso polo lugar do Castro, nun cruce de pistas. Continúa até un cruce, o



da Areosa (km 0,285), e hai que xirar á esquerda por unha pista que nos leva a unha estrada. Despois, primeiro hai que xirar á dereita e logo á esquerda.

Xa por estrada asfaltada chegamos a Baxoia.

No inicio do camiño, e até a primeira ponte por debaixo da autoestrada, podemos seguir os sinais con marcos e frechas do Camiño Inglés, pois as dúas vías coinciden no seu percorrido.

BAXOIA

Baxoia é unha aldea lineal que xurdiu ao longo do camiño con casas vellas e carballos delimitando o paso. Aquí podemos descansar á sombra dun grupo de carballos que medran ao longo da pista. Un pouco máis adiante cruzamos a estrada que sae dos Carballos e chega até Cruz de Folgoso (km 1,111). Pasamos a ponte por debaixo da autoestrada (km 1,347) e collemos o primeiro desvío á dereita (km 1,431) para chegar ao Agrelo (km 1,777). Agrelo é diminutivo de *agra*, e significa «terra de labor». Aquí aínda queda unha pequena mostra do camiño medieval.

Dende esta primeira ponte sobre a autoestrada (km 1,834) podemos facer unha visita á mámoa ou medorra de Vilar de Arriba. Para chegar até a medorra só hai que continuar a pista de fronte, pasando sobre a ponte da autoestrada. A poucos metros cruzamos a estrada que vai dos Carballos á Cruz de Folgoso. Seguimos de fronte. Vemos unha curva á esquerda, despois unha pista á dereita (que non collemos) e outra curva á esquerda que aparta da medorra, á dereita.

MEDORRA DE VILAR DE ARRIBA

Este resto arqueolóxico sufriu unha transformación na súa masa, concretamente o furado que amosaba no cumio, sinal da súa violación, foi achanzado para sementar piñeiros. Aínda así, a medorra de Vilar de Arriba, catalogada pola Dirección Xeral de Patrimonio coa clave GA15060021, é unha das que mellor se conserva no concello de Oroso.

As mámoas, do latín *mammula* (pequena mama), ou



Fonte da Santiña

medorras, de *meta* (cono, pirámide) son pequenos montóns de terra e de pedras de forma hemisférica. A maioría delas gardan unha anta, cova ou dolmen no seu interior. Esta cámara ou dolmen está construída con megálitos (de *megas*, grande, e *maen*, pedra). A cámara formada polos megálitos (uns sete chanzos e unha gran tampa ou cuberta) tería un destino funerario, é dicir, sería un cemiterio e serviría de tumba para soterrar a persoas co seu enxoval. Este enxoval estaría constituído por micrólitos, puntas de frecha, machados ou ciceis.

Esta e a maioría das medorras do concello de Oroso presentan un cono de violación na súa parte superior, isto quere dicir que foi «violada» e o seu dolmen desfeito e, seguramente, as pedras foron aproveitadas para a construción de linteis ou das paredes de vivendas.

A tipoloxía das antas ou dolmenes e a súa datación é a seguinte:

ANTAS SIMPLES de pequeno tamaño e planta poligonal pechada. Son as máis antigas e a súa datación está entre os 3.500 e 3.000 anos antes de Cristo.

ANTAS CON CORREDOR que teñen unha cámara poligonal grande e un corredor de pequeno tamaño.

Levantáronse arredor do ano 3.000 e 2.500 a. de C. **CISTAS MEGALÍTICAS** que son as máis recentes e a súa cronoloxía vai do 2.500 ao 1.500 a. de C. Estas antas teñen planta rectangular.

Unha mostra próxima da arquitectura megalítica é a «Casa da Moura» ou Dolmen de Cabaleiros, unha cámara sepulcral datada no ano 3.000 a. de C., aproximadamente. Este tipo de construcións teñen asociadas un bo número de lendas, como por exemplo que foron levantadas polos «mouros» ou que unha vella meiga trasladou a lousa que fai de cuberta sobre a súa cabeza, mentres que ía cosendo un vestido.

Desde a medorra de Vilar de Arriba volvemos sobre os nosos pasos até a primeira ponte da autoestrada (km 2,865) e collemos o sendeiro que vai ao longo desta, pola súa marxe esquerda.

Continuamos a viaxe seguindo a autoestrada pola marxe esquerda. Pasamos á beira dun túnel da autoestrada, que non collemos (km 3,182) e que vai dar á aldea da Rúa. Continuamos ao longo da autoestrada e chegamos á Fonte da Santiña.

FORTE DA SANTIÑA

Moi cerca deste punto estaba situada a igrexa parroquial de Deixebre. A igrexa de Santa María, o cemiterio e parte do cruceiro foron trasladados polo ano 1964 para Os Carballos, á beira da actual estrada xeral. No lugar da Santiña só quedou a Fonte de Santa Margarida (avogosa da sarna e do mal da gorxa), tapada pola autoestrada e reconstruída recentemente. No igrexario quedou a casa parroquial cun fermoso reloxo de sol nun dos seus esquinais. Para visitar a casa só hai que coller o camiño que sae enfronte da fonte e, a uns cen metros, está a vella reitoral, agora vivenda familiar.

Neste lugar, sombreado e con auga fresca, podemos descansar, comer, beber e, se fai falta, axustar o noso calzado, as prendas de roupa ou calquera outro aspecto relacionado coa actividade.



Cruceiro de Oroso

Para continuar, atravesamos a ponte por debaixo da autoestrada e viramos á esquerda para coller a senda que vai ao longo da autoestrada, marxe dereita, ao lado dunha fraga nova. Até non hai moitas décadas, o camiño medieval ía polo Alto do Mouro, un lugar poboado na actualidade con eucaliptos. Algunhas persoas maiores aínda lembran a fonda corredoira que cruzaba o Alto do Mouro, onde, segundo as mesmas fontes, existía un cemiterio «romano». Sen dúbida, este é un lugar máxico, con algunha lenda misteriosa que fala de que alí non medra a herba por ser lugar sacro ou cemiterio e, algunhas fontes orais falan de que é un lugar «misterioso», que foi poboado polos «mouros» e que tiñan un miradoiro no alto para comunicarse con «outra xente».

O Alto do Mouro está catalogado pola Dirección Xeral de Patrimonio coa referencia GA15060002, que especifica que é un resto arqueolóxico indeterminado.

Seguimos até unha leira cercada (km 4,462). Entón, viramos á dereita para coller un camiño que vai dar a unha casa vella e aliñada cara ao paso do camiño medieval. Pasamos ao lado dun fermoso pendello e imos dar a unha pista asfaltada, xirando á esquerda. Continuamos pola aldea de Vilalbarro (parroquia de Oroso) e polo lugar do Francés (topónimo que nos indica o paso dun camiño de peregrinaxe). Chegamos a unha ponte que pasa por riba da autoestrada, que non cruzamos. Mesmo antes da ponte hai unha pista que sae pola esquerda e que xira á dereita para continuar ao longo da autoestrada, marxe dereita. Continuamos e chegamos á estrada que comunica Oroso con Vilarromarís, ao lado da ponte sobre a autoestrada (km 5,621).

Desde este lugar temos a posibilidade de acercarnos contemplar un dos cruceiros máis curiosos e importantes do concello de Oroso. Só hai que seguir a estrada, á dereita no noso sentido da marcha, en dirección á aldea de Oroso, sita ao longo da actual estrada A Coruña–Santiago. Xa vemos o campanario da igrexa, cruzamos a estrada xeral e chegamos ao cruceiro.

CRUCEIRO DE OROSO

O cruceiro situado no adro da igrexa é do século XVIII e ten uns detalles que o fan singular, como, por exemplo, o manto bordado da Virxe e o capitel que está adornado con catro figuras que representan un santo, un bispo, o Santo Antón e un franciscano.

A Igrexa de Oroso ten no seu interior un interesante retablo neoclásico (fins do século XVIII) e na súa fachada hai unha placa que recorda os soldados mortos do bando nacional da Guerra Civil española (1936–1939). Debaixo dunha das xanelas da igrexa podemos ler unha inscrición co ano 1882.



Castro de Vilalbarro

Polos arredores da igrexa podemos ver varias casas con elementos da arquitectura popular, como portas, linteis... e a Casa de Carril, de planta cadrada, levantada no século XVIII.

O concello de Oroso toma o seu nome desta parroquia. De feito, a vella Casa do Concello, que aínda se conserva ao lado da estrada xeral, estivo situada neste lugar. O topónimo Oroso nada ten que ver co nome «ouro», xa que procede da raíz prerromana *or* ou *oro*, que significa «monte, val, costa». No ano 1238 xa existía Oroso, posto que un documento de venta de terras sitúa o lugar de Oroso no *inter caminum de Crunia et camino de Superado, et est in concurrentia Sancti Michaelis de Gandara*, é dicir, «entre o camiño da Coruña e o de Sobrado e está no cruce de San Miguel da Gándara».

Desandamos o camiño e volvemos situarnos sobre a ponte da autoestrada, para continuarmos pola vía de servizo, marxe esquerda. A 125 metros pasamos por diante da entrada do castro de Vilalbarro.

CASTRO DE VILALBARRO

O castro de Vilalbarro (xacemento arqueolóxico coa clave GA15060017) é un dos únicos ben



conservados do concello e garda abondosas lendas sobre tesouros e mouros (os seres míticos do imaxinario popular galego). Situado a 297 metros de altitude, mantén en perfectas condicións a croa e parte dun profundo foxo con abundante vexetación. Na súa croa, perfectamente redonda, medra un eucaliptal.

A palabra «castro» procede do latín *castrum*, que significa «lugar fortificado». En aldeas como esta desenvolveuse a vida dos nosos antepasados que viviron nestas terras hai uns 2.000 anos. Estes pobos dedicáronse basicamente a plantar cereais, ter conta do gando e guerrear, para defenderen o seu poboado e as súas leiras. A cronoloxía da cultura castrexa vai desde o século VI antes de Cristo até mediados do século I despois de Cristo, mais estes asentamentos perduraron logo da ocupación dos romanos, co que constituíron a chamada Cultura Galaico–Romana, que se desenvolve até o século V.

Despois de visitar o castro, continuamos pola pista de terra paralela á autoestrada. Pasamos por debaixo dunha primeira ponte (km 7,770) e logo dunha segunda. Nesta subimos á esquerda e chegamos a unha encrucillada de pistas de terra. Aquí estaba o campo da Malata.

CAMPO DA MALATA

Campo da Malata significa «leprosa» ou «lugar de leprosos». Os leprosos vivían en chozas, parapetos ou á intemperie, illados do resto da poboación. Instalábanse ao lado dos camiños para pedir esmola e alimentos aos transeúntes. Aínda que non exista na actualidade este lugar, aproveitaremos para explicar este feito, o abandono das persoas enfermas de lepra, condenadas a vivir en condicións infra-humanas, algo moi habitual durante a Idade Media.



Ponte Ulloa

No centro da encrucillada, collemos a primeira pista á dereita, segundo o noso sentido da marcha, e paralela, pero arredada da autoestrada. Un pouco máis adiante, á esquerda e nunha zona fragosa, está o castro de Vilares.

CASTRO DE VILARES

No medio dunha fraga está o castro de Vilares, apenas recoñecible. Este castro está catalogado pola Dirección Xeral de Patrimonio coa referencia GA15060018.

Seguimos e chegamos a Vilares, un pequeno grupo de casas cerca da aldea de Oroso Pequeno. Desde aquí vemos as naves do polígono industrial de Sigüeiro. Xiramos á esquerda e a poucos metros debemos coller unha pista á dereita, paralela pero

afastada da autoestrada. Estamos camiñando enfronte á nave de Vegonsa (km 8,852). Xiramos á dereita e bordeamos a nave, pasando ao lado dunha ponte e despois a rentes da peaxe da autoestrada.

Aínda non hai moitos anos, aquí conservábanse restos do camiño medieval, concretamente no lugar de Agra. Estamos no lugar da Ulloa de Arriba e divisamos, ao fondo, a vila de Sigüeiro.

Camiñamos estre a autoestrada e o polígono e chegamos a unha rotonda ao lado da autoestrada. Saímos á esquerda e pasamos por unha segunda rotonda.

Antes de chegar a unha terceira rotonda, hai unha pista que baixa á dereita, a rentes dun casal con hórreo. Baixamos pola pista e chegamos a unha estrada que sae da N-550 en dirección ao polígono industrial. Xiramos á dereita e, de inmediato, á esquerda, por un carreiro entre unha fraga espesa e nova. Este treito, ben conservado, é un dos restos que queda do camiño medieval. Continuamos e chegamos á Ponte Ulloa.

PONTE ULLOA

A Ponte Ulloa, sobre o rego Carboeiro, está construída inicialmente con travesas da vía do tren. Actualmente atopase reconstruída con técnicas de cachotería tradicional. A Ponte Ulloa, tamén citada na viaxe de Sarmiento do ano 1755, está nun lugar rodeado dunha espesa vexetación formada por carballos novos, no que agora se localiza o parque fluvial do rego Carboeiro, verdadeira zona verde de Sigüeiro. Estamos nun lugar realmente atractivo. Cruzamos a ponte e pasamos arredor dun desnivel do terreo. Estamos ao lado da piscina municipal de Sigüeiro e camiñamos de fronte, ao longo dunha grande explanada. Estamos na próspera vila de Sigüeiro.

SIGÜEIRO. PRAZA DO CONCELLO

Camiñamos cara ao Xuncal, lugar onde está a Casa do Concello de Oroso. Pasamos pola parte

traseira do Concello, onde un camiño empedrado simboliza o paso do Camiño Inglés. Atravesamos a rúa do Río Lengüelle e chegamos á rúa Camiño Real, chamada así porque por aquí discorria o vello camiño de peregrinaxe medieval e a principal vía de comunicación entre Santiago e A Coruña. Iremos dar á estrada xeral e á Praza da Foca, cunha fonte que fai de illa. Aquí, ao lado desta praza, era onde tiña lugar a famosa Feira da Foca coa concurrencia de feirantes de toda a volta. Cruzamos a estrada que vai cara á Garabanxa e andamos pola marxe esquerda da estrada xeral, ao lado dun grupo de centenarios carballos. Ao fondo vemos a Ponte Sigüeiro, que fai de límite entre o concello de Oroso e o de Santiago de Compostela.



Sigüeiro é a capital do concello de Oroso. Enclavado nunha encrucillada de camiños, era de paso obrigado, debido á existencia da Ponte Sigüeiro, único lugar para cruzar o río Tambre. Por Sigüeiro pasa o Antigo Camiño Real ou Inglés e tamén o camiño que se dirixía a Sobrado e cara a Bergantiños.

Na vila de Sigüeiro céntrase a vida política, educativa, sanitaria e comercial do concello, así como o tempo de lecer e de diversión.

PONTE SIGÜEIRO

Estando na encrucillada de Sigüeiro, cara a Santiago, albíscase a Ponte Sigüeiro sobre o río Tambre. Por riba deste río, cuxo nome provén da partícula prerromana ou indoeuropea *tam* (correr, fluír auga), cruza a ponte de estilo románico en cinco dos seus arcos, os dous centrais con dobradura; o último, en dirección a Compostela, é de estilo gótico oxival e posiblemente o mandou construír o mecenas Fernán Pérez de Andrade no século XIV. Así figura nunha pedra arqueira que estivo perante séculos na ponte e que agora se pode contemplar no Museo Arqueolóxico do Castelo de Santo Antón da Coruña. O emblema dos Andrade da Ponte de Sigüeiro xa foi descrito no ano 1755 polo ilustrado Padre Sarmiento, cando percorreu este camiño. Esta ponte, lugar de paso obrigado para cruzar o Tambre, foi testemuña de múltiples sucesos históricos dende a época do Imperio Romano até o noso século. Baste citar a suposta mansión Atricondo ou Tringudo (que seica estaba situada por estas terras), os enfrontamentos no medievo entre as mesnadas de Xelmírez e as da raíña dona Urraca, a heroicidade do cabaleiro Gómez Pérez das Mariñas que venceu a Álvaro Pérez de Moscoso, ou as batallas do coronel Miguel Solís á fronte do Exército Liberador de Galicia contra a monarquía autoritaria de Isabel II.

RUTA DO TAMBRE

FICHA TÉCNICA

DEFINICIÓN Ruta circular de interese natural que discorre á beira do río Tambre, pola súa marxe dereita.

LOCALIZACIÓN Parroquias de Oroso e da Gándara (concello de Oroso).

LONXITUDE 10,240 km

DURACIÓN ESTIMADA Sen paradas: 3 horas e 16 minutos. Con paradas de 10 minutos: 5 horas e 6 minutos.

PUNTO DE PARTIDA Praza da Foca (Sigüeiro).

PUNTO DE CHEGADA Praza da Foca (Sigüeiro).

NÚMERO DE PARADAS 11

DESNIVEL Cota máxima: 250 m Cota mínima: 220 m

GRAO DE DIFICULTADE Baixo


CARTOGRAFÍA Folla III (Ordes) e IV (Xanceda).
E.1:25.000 da folla n.º 70. Folla I (Sigüeiro) e II (O Pino).
E.1:25.000 da folla n.º 95. Instituto Xeográfico Nacional.


PRECAUCIÓNS Cruce de estradas, pistas e pasarelas.

EQUIPO Botas de sendeirismo, roupa cómoda, comida, auga, pequena caixa de urxencias, protector solar, plano da ruta, máquina fotográfica, chaleco reflector, prismáticos.
Inverno: impermeable, botas de auga, roupa de abrigo.

DISTANCIAS QUILOMÉTRICAS

1	(INICIO) SIGÜEIRO (Praza da Foca)	0,000 KM	0,000 km
2	PONTE SIGÜEIRO	0,090 km	0,090 km
3	O REFUXIO (IDA)	1,998 km	1,908 km
4	PENATEIXA (IDA)	2,458 KM	0,460 KM
5	PORTO AVIEIRA (IDA)	3,073 KM	0,615 KM
6	PONTE NOVA DE PIÑEIRÓN	4,984 KM	1,911 KM
7	IGREXA DA GÁNDARA	6,731 KM	1,747 KM
8	PORTO AVIEIRA (VOLTA)	7,703 KM	0,972 KM
9	PENATEIXA (VOLTA)	8,318 KM	0,615 KM
10	O REFUXIO (VOLTA)	8,778 KM	0,460 KM
11	(FINAL) SIGÜEIRO (PRAZA DA FOCA)	10,240 KM	1,462 KM





Plano ruta do Tambre
José Luis Varela Fernández



Río Tambre á altura do Refuxio de Pescadores

O hidrónimo Tambre procede da partícula prerromana ou preindoeuropea *tam*, que quere dicir «correr, fluír auga». Este hidrónimo comezou a utilizarse a partir do século XVIII, xa que hai mapas de Galicia dos séculos XVI e XVII nos que figura co nome de *Tamara*.

Todas as correntes de auga do concello de Oroso corren cara ao sur formando parte da cunca do Tambre. Este río percorre un val moi aberto e con algún meandro que o converte nun río silencioso, mais vigoroso.

Fórmase o Tambre de varios regos que nacen na Serra do Bocelo e que van dar á lagoa de Sobrado dos Monxes, unha lagoa artificial construída polos monxes desa localidade para fornecer de auga o mosteiro e as súas terras.

Nos primeiros quilómetros, o río camiña lentamente, mentres recolle auga de ríos e regos pouco caudalosos. Despois de pasar a Ponte Carreira, no concello de Frades, o río encáixase moi lixeiramente e recibe as augas, pola súa marxe dereita, do Río Maruzo, e despois do Samo. O val do Tambre vaise abrindo e, pouco despois da vila de Sigüeiro recibe, tamén pola



súa dereita, o río Lengüelle, que recolle auga dos concellos de Oroso, Ordes e Trazo.

O coeficiente de caudal do Río Tambre, en Portomouro, sobre unha superficie aforada de 1146 km², é de 38,3 m³/s, mentres que o caudal relativo é de 33,4 l/s/km².

Os dous afluentes principais do Tambre son o Samo, que achega un caudal de 4,1 m³/s, e o Lengüelle, que entrega un caudal de 3,7 m³/s.

O itinerario que seguimos ao longo do Tambre está enmarcado dentro da Rede Natura 2000 en Galicia, que recolle unha serie de lugares de importancia comunitaria. Esta rede garante o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies protexidas a escala da Unión Europea. Esta rede foi creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, co obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa.

O curso medio do Tambre está declarado como LUGAR DE IMPORTANCIA COMUNITARIA (LIC). Este espazo fluvial ocupa unha superficie de 583 ha



e ao longo da súa superficie danse hábitats, flora e fauna singulares, como por exemplo os a continuación indicados.

HÁBITATS

Bosques de ribeira con exemplares de *Alnus glutinosa* (ameneiro) e *Fraxinus excelsior* (freixo).

Bosques de carballos como *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

Uceiras oromediterráneas e toxos.

Uceiras secas europeas.

Toxais húmidos atlánticos.

FLORA

Presenza de fiekitos como o *Sphagnum pylaesii*.

Exemplares de narciso (*Narcissus cyclamineus*).

FAUNA

Presenza de exemplares únicos como:

Cotovía pequena (*Lullula arborea*).

Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*).

Lavanco real (*Anas platyrhynchos*).

Azor (*Accipiter gentilis*).

Gabián (*Accipiter nisus*).

Moucho común (*Athene noctua*).

Reiseñor de auga (*Cettia cetti*).

Morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrum-equinum*).

Morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*).

Lontra (*Lutra lutra*).

Salamántiga galega (*Chioglossa lusitanica*).

Lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*).

Libélula (*Macromia splendis*).

Vacaloura (*Lucanus cervus*).

DESCRIPCIÓN PORMENORIZADA

A ruta do río Tambre que imos percorrer parte de Sigüeiro, vila que naceu ao pé da estrada N-550 A Coruña-Pontevedra. O lugar de reunión é a Praza da Foca, á sombra dun grupo de carballos centenarios. Esta praza está considerada como o centro dunha vila que está en pleno desenvolvemento urbanístico.



Praza da Foca

SIGÜEIRO. PRAZA DA FOCA

Sigüeiro é a capital do concello de Oroso e lugar de paso obrigado para cruzar o río Tambre. Por Sigüeiro pasa o antigo Camiño Real ou Inglés, entre A Coruña e Compostela, e tamén dúas vías de comunicación de interese: un camiño que se dirixía a Sobrado e outro cara a Bergantiños.

Na vila de Sigüeiro céntrase a vida política, educativa, sanitaria e comercial do concello, así como o tempo de lecer e de diversión.

Sigüeiro conta con tres centros de ensino (infantil, primaria e secundaria), un centro de saúde, dúas farmacias, unha piscina municipal, unha biblioteca pública, un pavillón polideportivo, o vulgado de paz... e, proximamente, contará cun moderno centro multiúsos. Dispón tamén de varios parques públicos e unha oferta gastronómica baseada en

produtos típicos da terra, como son as troitas, o cocido con grelos ou os queixos.

Unha das actividades comerciais e sociais máis relevantes que tiña lugar na actual Praza da Foca era a Feira da Foca, que se celebraba os primeiros martes de cada mes. Despois dun tempo, chegaron a convivir dúas feiras, a Foca Grande (primeiro martes de mes) e a Foca Pequena (terceiro martes de mes). A esta feira, unha das máis importantes da comarca, acudían vendedores e compradores de Santiago, Frades, Poulo, Ordes, Carral, Carballo... A maioría deles chegaban a pé, mais algúns facíano en coche de liña con armazóns no teito, no que transportaban caixas para levar porcos, por exemplo.

O espazo que acollía a feira dividíase en dúas zonas: o gando e o cesto. Na zona do gando exhibíanse vacas, bois, cuchos, bestas, porcos, ovellas, coellos... e na parte do cesto púñanse as mulleres cos queixos, ovos, sementes, froitas... Á parte destas dúas zonas, viñan feirantes que desenvolvían oficios non habituais na bisbarra, como o dentista, o fotógrafo, o menciñeiro...

Desde a Praza da Foca dirixímonos cara a Ponte Sigüeiro, pola marxe esquerda da estrada. Mesmo ao lado da ponte hai unha pasarela metálica que baixa até o río Tambre.

PONTE SIGÜEIRO

Este é o mellor sitio para contemplar a Ponte Sigüeiro, moi reformada, pero que garda un encanto histórico e arquitectónico por ser testemuña de seis séculos de vida. Os amieiros bordean o río Tambre, cuxo nome provén da partícula prerromana ou indoeuropea *tam* (correr, fluír auga). A ponte é de estilo románico en cinco dos seus arcos, os dous centrais con dobradura; o último, en dirección a Compostela, é de estilo gótico oxival e posiblemente o mandou construír o mecenas Fernán Pérez de Andrade no século XIV. Así figura nunha pedra armeira ou escudo que estivo durante séculos na ponte e que agora se pode contemplar no Museo Arqueolóxico do Castelo de



Ponte Sigüeiro sobre o Tambre

Santo Antón da Coruña. O emblema dos Andrade da Ponte de Sigüeiro xa foi descrito no ano 1755 polo ilustrado Padre Sarmiento, cando percorreu este camiño. Esta ponte, lugar de paso obrigado para cruzar o Tambre, foi testemuña de múltiples sucesos históricos dende a época do Imperio Romano até o noso século. Baste citar a suposta mansión Atricondo ou Tringudo (que seica estaba situada por estas terras), os enfrontamentos no medievo entre as mesnadas de Xelmírez e as da raíña dona Urraca, a heroicidade do cabaleiro Gómez Pérez das Mariñas que venceu a Álvaro Pérez de Moscoso, ou as batallas do coronel Miguel Solís á fronte do Exército Liberador de Galicia contra a monarquía autoritaria de Isabel II.

Sáimos da Ponte Sigüeiro pola marxe dereita do río (que é a man esquerda se miramos a nosa dirección da marcha) e imos contracorrente, polo camiño que

discorre ao lado dos amieiros, dos carballos e da exuberante riqueza paisaxística que resgarda o río.

Imos en fila de a un, procurando que ninguén saia deste carreiro e se deslice cara ao río. Mentres, escoitamos o fluír da auga e o cantar dos paxaros que nomeamos na listaxe faunística.

Á saída de Sigüeiro encontramos terras de labor, para máis adiante meternos en envolventes soutos e fragas de carballos.

Cando levamos 644 metros percorridos encontrámonos cunha grande insua nun lateral do río, poboadada con frondosos carballos. Máis adiante hai dúas pasarelas sobre dúas canles. A primeira descarga a auga que sae da presa do Refuxio para alimentar o vello muiño de Xan Castro, de dous pés, e que podemos ver desde o sendeiro do río. O segundo rego baixa seco, a non ser nos invernos chuviosos.

Pasamos a rentes dunha revolta que fai o río admirando os carballos que buscan a luz entre o zunido das augas. Estamos chegando a unha paraxe na que a natureza forma un remanso de tranquilidade.

O REFUXIO CAMIÑO DE IDA

PRINCIPAIS DATOS SOBRE O REFUXIO

Superficie: 0,6 hectáreas

Nove mesas familiares

Unha gran grella e dúas
pequenas

Unha fonte (sen indicativo
de se é auga potable)

Varios contedores de lixo (na
zona do concello de Oroso)

Ampla zona de aparcadoiro

Un mesón privado aberto
nos meses de verán

Chegamos a unha paraxe natural de gran beleza, formada por unha presa e unha insua no medio do río Tambre.

A insua, de forma alongada, está situada a rentes dunha presa. Na parte norte ten unha pequena praia fluvial. A súa superficie está cuberta de carballos de gran tamaño que ofrecen unha espesa sombra no verán. A insua está rodeada de amieiros e de salgueiros, vexetación característica das ribeiras dos ríos que atravesan o concello. Dúas pasarelas de cemento, unha por cada lado do río, dan acceso á insua. Para aproveitar a riqueza troiteira do Tambre nesta zona, criouse o Coto de Pesca «Sigüeiro», un dos máis troiteiros e apreciados polos pescadores de toda a provincia.



Chegando a Penateixa

Continuamos ao longo do río e cruzamos unha pasarela sobre unha canle que leva auga ao chamado muíño de Xan Castro. Despois pasamos ao lado dun mesón, que só abre polos veráns, e da presa. Continuamos polo carreiro e pasamos a rentes dunha gran pedra que sobresa. Seguimos á sombra dos ameneiros e despois dunha curva que fai o río pronto imos dar a unha segunda área recreativa.

PENATEIXA CAMIÑO DE IDA

A área recreativa de Penateixa está formada por un espazo aberto delimitado por ringleiras de amieiros e de carballos perpendiculares ao río. Ofrece un amplo espazo para gozar do sol e para que corran os nenos, e un segundo de sombra debaixo do arboredo. En distintas zonas da área recreativa poden verse frondosos carballos e piñeiros. Ao longo do río os pescadores poden gozar no Couto de Pesca «Sigüeiro».

Sáimos de Penateixa polo sendeiro que hai ao longo do río. Máis adiante hai unha gran pradería. Ao fondo e á esquerda podemos ver a silueta da igrexa da Gándara,

PRINCIPAIS DATOS SOBRE PENATEIXA

Superficie: 1 hectárea,
aproximadamente

Seis mesas familiares e
dúas grellas

Varios contedores de lixo
Un mesón privado aberto
todo o ano

Ampla zona de aparcadoiro

que visitaremos no camiño de volta. Continuamos e chegamos á beira duns depósitos de gas, situados nas proximidades da urbanización de Porto Avieira.

PORTO AVIEIRA (DEPÓSITOS DE GAS) CAMIÑO DE IDA

Estamos ao lado dun par de depósitos de gas que abastecen a Porto Avieira. Temos que fixarnos neste punto, xa que viremos dar até aquí desde a igrexa da Gándara cando fagamos o camiño de volta.

Seguimos pola pista paralela ao río até encontrar un camiño ancho á dereita. Seguimos este camiño que vai entre o Tambre e a pista, baixo a sombra dunha espesa vexetación autóctona. O Camiño vai dar á pista un pouco máis adiante.

O carreiro ao longo do río continúa, mais nós optamos por unha pista para observar o val do Tambre desde lonxe e así poder ter unha visión máis ampla do percorrido do río: a vexetación que hai no val e como van mudando os usos do solo. Pretendemos, do mesmo xeito, gozar da avifauna do río desde unha certa distancia.

A pista que collemos pasa ao lado dunha pequena presa e dun edificio onde está instalada a central de toma de augas. Bordeamos a central e subimos pola pista en dirección a Porto Avieira, collendo a primeira á dereita. Circulamos agora por unha pista da concentración parcelaria paralela ao río, máis arredada uns 200 metros.

Á esquerda vemos algunha das casas da aldea de Piñeirón (parroquia da Gándara). Observamos desde a pista a vexetación da ribeira e, ao outro lado do Tambre, as devesas de bosque autóctono, aínda que tamén se ven varias repoboacións de monte con piñeiros e eucaliptos.

En Piñeirón hai un castro catalogado coa clave GA15060023. Lamentablemente, non se conserva nada da súa estrutura orixinal.



Con respecto á fauna, se temos sorte e mentres escoitamos o fluír da auga, podemos ver varias garzas escaravellando a terra para buscar alimentos, nos prados máis próximos ao río. Tamén vemos pegas marzas e algún miñado sobrevoando os montes de Piñeirón. Pasamos ao lado de piñeiros insignes e, despois de varios cruces, chegamos a unha pista asfaltada que vai desde A Gándara á parroquia de Cardama. Xiramos á dereita para ir visitar a ponte nova de Piñeirón.

PONTE NOVA DE PIÑEIRÓN

A uns 200 metros encontramos a ponte. Estamos no meridiano da ruta e, a partir de aquí, volvemos en dirección Sigüeiro.

A ponte non ten demasiado interese arquitectónico, mais sérvenos de lugar de descanso. Aproveitamos o tempo para beber ou para comer, para relaxarnos e para contemplar a paisaxe ou para comentar cos demais calquera cuestión referida a este percorrido.

Volvemos sobre os nosos pasos pola estrada asfaltada, costa arriba. Esta vai dar á igrexa da Gándara. Temos que andar pola marxe esquerda da estrada até pasar por diante das casas de Piñeirón. Continuamos e vemos á esquerda dúas estradas anchas de acceso á urbanización de Porto Avieira. Seguimos de fronte até o final da estrada, fixándonos á esquerda, pois hai unha pequena pista que nos leva ao campo da festa da Gándara, onde están a igrexa, o cemiterio, o cruceiro, a reitoral e unha espesa carballeira formada por exemplares centenarios.

IGREXA DA GÁNDARA

Nesta carballeira podemos descansar, compartir amizade, gozar da sombra dos maxestosos carballos e contemplar a igrexa da Gándara, un dos máis importantes monumentos arquitectónicos do concello de Oroso.

A igrexa ten fachada barroca, do século XVIII, con orelleiras na porta e pilastras apegadas. Destaca a súa espadana con arco partido e o gran frontón

semicircular, propios do neoclásico de fins do século XVIII. No interior garda unha interesante imaxe de San Miguel, que preside o altar maior, con columnas e frontóns neoclásicos.

Na nave, á esquerda, hai un pequeno altar coas imaxes de Santa Bárbara e de San Miguel. Á dereita outro pequeno altar garda as imaxes de Santo Antón e San Roque.

Podemos contar algo da historia desta parroquia da Gándara. Sobre os tributos que tiñan que pagar os fregueses de San Miguel da Gándara, anexo a San Tomé de Vilarromarís, o cardeal Jerónimo del Hoyo, no ano 1607, indica o seguinte:

Esta felegresía tiene veinte y dos feligreses. Los frutos se hacen tres partes: las dos y un desmero lleva la cura, que valdrá dies y ocho cargas de pan y la tercia el conde de Altamira. Presentación de nuestro Cabildo y lleva por ello quatro cargas de patronazgo. La fábrica tiene solo tres reales de renta de unas leiras.



Despois de ver a igrexa, o cruceiro, a carballeira e a casa reitoral que está detrás da igrexa e, lamentablemente, en estado ruinoso, volvemos sobre os nosos pasos pola estrada que procede de Porto Avieira. Collemos a primeira pista ancha á dereita e

baixamos cara ao río, ao longo da urbanización de Porto Avieira. Chegamos a un punto xa coñecido: os depósitos de gas polos que pasamos na viaxe de ida.

PORTO AVIEIRA (DEPÓSITOS DE GAS) CAMIÑO DE VOLTA

Acabamos de pasar pola urbanización de Porto Avieira, unha especie de cidade–dormitorio de persoas que traballan en Santiago ou, en menor medida, en Sigüeiro. Esta urbanización, que ocupa 150.000 metros cadrados, comezou a construírse no ano 1990 e, inicialmente, proxectábase que estivese rematada no ano 1997. O proxecto inicial contemplaba a construción duns 240 chalés e dun centenar de apartamentos, así como de numerosos espazos deportivos e de lecer: fútbol, tenis, golf, natación, tiro con arco...

Lamentablemente, debaixo desta urbanización quedaron As Grobias, un resto arqueolóxico catalogado como romano (clave GA15060028) e que



Campo de festas da Gándara

estaba formado por dous grandes regos abertos cara ao Tambre, dos que aínda hai pequenos restos dun. Posiblemente foi unha explotación de minerais durante o imperio romano. O sistema de funcionamento consistía, hipoteticamente, en facer baixar



Centro Cultural Casas e Novoa

auga a gran velocidade polos dous regos. Isto provocaba a arrinque e o arrastre do material, que sería depositado pola auga na beira do río para a súa selección. Este sistema de explotación foi descrito por

autores clásicos, polo que poida que As Grobias fosen as únicas explotacións minerais da época romana de que temos constancia no concello de Oroso.

Continuamos polo sendeiro xa coñecido en dirección a Penateixa.

PENATEIXA CAMIÑO DE VOLTA

De Penateixa, xa coñecida, collemos camiño á beira do río en dirección ao Refuxio. Penateixa é un topónimo de orixe celta e o seu significado vén ser o dunha canteira de pedra de cor escura.

O REFUXIO CAMIÑO DE VOLTA

Nesta paraxe natural de gran beleza, en época estival podemos bañarnos na pequena praia fluvial que está na insua.

A partir deste punto, unha vez pasado o mesón que está a rentes do camiño, o noso trazado non coincide co camiño de ida, pois apartamos por unha estrada para ver o Tambre ao lonxe.

Antes de cruzar a pasarela da canle, xiramos á dereita e chegamos a un aparcadoiro entre dúas casas grandes e amuralladas. No cruce, hai que seguir a pista que vai á esquerda. Andamos uns metros e vemos a canle que vai paralela á pista. Pronto chegamos ao vello muiño de Xan Castro, de propiedade privada.

Continuamos e pasamos pola rúa de Tras da Torre e, a poucos metros entramos en Sigüeiro pola Praza da Foca.

SIGÜEIRO. PRAZA DA FOCA FINAL DO TRAXECTO

Podemos descansar á sombra dos centenarios carbellos que presiden a praza. Se o desexamos, acudiremos a algún mesón típico para degustar pratos tradicionais da zona, como son as troitas ou os grelos. Varios mesóns ou restaurantes como o *Caba*, o *Cortés* ou o *Hermanos Mirás* servirán para repoñer forzas e para repetir a experiencia noutra estación, con outras cores e outras sensacións diferentes.



RUTA DOS MUÍÑOS

FICHA TÉCNICA

DEFINICIÓN Ruta de interese etnográfico e natural que discorre polas proximidades do rego do Muíño (parroquias de Senra e de Cardama) e polo rego do Muíño (parroquia de Vilarromarís).

(A pesar de teren o mesmo nome, trátase de dous regos diferentes).

LOCALIZACIÓN Parroquias de Senra, Cardama e Vilarromarís (concello de Oroso).

LONXITUDE 8,121 km

DURACIÓN ESTIMADA Sen paradas: 3 horas. Con paradas de 10 minutos: 5 horas e 20 minutos.

PUNTO DE PARTIDA km 5,550 da estrada CP-3801 Sigüeiro-Frades, na aldea de Gadamil (parroquia de Vilarromarís).

PUNTO DE CHEGADA Aldea da Baiuca (parroquia de Senra), na estrada provincial CP-3801 Sigüeiro-Frades.

NÚMERO DE PARADAS 13

DESNIVEL Cota máxima: 280 m Cota mínima: 230 m


GRAO DE DIFICULTADE Alto até o km 1,101 (parada n.º 3). Baixo o resto do itinerario.

CARTOGRAFÍA Folla III (Ordes) e IV (Xanceda). E.1:25.000 da folla n.º 70. Folla I (Sigüeiro) e II (O Pino). E.1:25.000 da folla n.º 95. Instituto Xeográfico Nacional.

PRECAUCIÓNS Cruce de pistas.

EQUIPO Botas de sendeirismo e botas de auga, comida, auga, pequena caixa de urxencias, protector solar, plano da ruta, máquina fotográfica.

Inverno: impermeable, botas de auga, roupa de abrigo.



Plano ruta dos Muíños
 José Luis Varela Fernández

DISTANCIAS QUILOMÉTRICAS

0	(INICIO) GADAMIL (estrada CP-3801 Sigüeiro-Frades) km 5,550	0,000 km	0,000 km
1	MUÍÑO DE GADAMIL	0,359 km	0,359 km
2	MUÍÑO NOVO	1,286 km	0,927 km
3	MUÍÑO DO CURRO	1,386 km	0,100 km
4	CAMIÑO MEDIEVAL	2,525 km	1,139 km
5	PONTE CAROLLO	3,566 km	1,041 km
6	IGREXA DE CARDAMA	4,126 km	0,560 km
7	MUÍÑO DO MIGUELO	4,947 km	0,821 km
8	MUÍÑO DO GRANXO	5,739 km	0,792 km
9	MUÍÑO DOS ENCOLGADOIROS	5,875 km	0,136 km
10	MUÍÑO DO CRISCO	6,030 km	0,155 km
11	MUÍÑO DO CARBALLO	6,255 km	0,225 km
12	ALDEA DO REGUEIRO		
13	(FINAL)A BAIUCA (estrada CP-3801 Sigüeiro-Frades) SENRA	7,582 km	1,327 km
		8,121 km	0,539 km



O sendeiro que imos percorrer serviranos para coñecer un elemento da arquitectura popular que foi básico no proceso de elaboración do pan: o muíño.

A moenda do trigo, millo ou centeo é un paso máis dentro do proceso de creación do pan, que pasa polas seguintes fases: sementeira, sega, malla, moenda, amasado e enornado.

Como sabemos, os muíños representan un papel moi importante dentro da economía tradicional, xa que o pan para as persoas e a fariña para os animais foi un alimento de primeira necesidade até non hai moitas décadas. Así mesmo, as relacións de tipo social arredor dos muíños supoñen unha grande importancia no mundo rural, xa que foi un lugar de encontro e de reunión, e tamén un lugar onde xurdiu un rico folclore popular.

O modelo circular de muíño xa é empregado en Galicia desde a época dos castros. En moitos destes asentamentos atopáronse numerosas moas circulares que eran movidas manualmente sobre unha base. Nun furado da parte superior íanse depositando os cereais, que eran moídos ao deslizarse a moa sobre a base.

Este mesmo sistema é empregado nos muíños movidos por auga, nos que o funcionamento é moi sinxelo: a peza superior (capa ou moa) xira sobre a inferior, que está fixa (pé).

En liñas xerais, o muíño está situado a rentes dun caudal de auga ou tamén pode recibila a través dunha canle de derivación. Principalmente, a totalidade dos muíños do concello de Oroso son de presa, é dicir, a auga acumúlase no cubo do muíño para que bata con forza contra as palas do rodicio. Utilízase este método de captación debido ao pouco caudal que levan os regos e á pouca velocidade á que circula a auga, pois non hai grandes desniveis.

O funcionamento básico dun muíño é o seguinte: a auga represada no cubo sae por un buraco ao levan-



Pousadoiro exterior do mullón de Gadamil

tar o pechadoiro. A auga con presión bate nas aspas do rodicio horizontal e fai xirar un eixo que ten acoplado. A este eixo está suxeita a capa ou moa, que se desliza sobre o pé. Ao deslizarse, vai moendo ou triturando o gran, que cae da quenlla. Do teito do mullón colga a moega co gran listo para moer. Este pasa pola quenlla e cae no ollo da moa. Da quenlla sae un tarabelo que bate na moa e o movemento desta fai que se produza un pequeno abaneo, para facilitar que os grans vaian caendo.

Para moer o gran máis ou menos mudo, hai un tempero que vai desde o tremiñado até a mesa sobre a que repousa o rodicio, de tal xeito que se se sobe, moe menos mudo e se se baixa a fariña sae máis fina.

O rodicio xira coa capa acoplada sobre o pé, de tal xeito que a fariña cae a rentes deste. A medida que se ía xuntando, recollíase coa «pa ou paleta do mullón» e botábase en sacos.

Na gran maioría dos mullóns que hai no concello de Oroso, o pé era do país, é dicir, para moer millo, mentres que para moer trigo ou centeo utilizábanse as pedras «albeiras», que habitualmente procedían de Francia.

Na parte exterior do muíño é habitual que haxa unha pedra horizontal que sobresaia da parede, chamada pousadoiro, xa que facilitaba a carga e a descarga de sacos que traían os usuarios na cabeza, ou que había que levantar para cargalos nas burras ou bestas.

Tamén son visibles nos muíños os aliviadoiros, para cando hai demasiada auga, e unha pequena reixa para que non entren pedras, ramas ou calquera outro obxecto no cubo e que poidan danar algún dos mecanismos do muíño.

O muíño tamén require un mantemento, sobre todo no inverno. Cando hai enchentes hai que procurar ter abertos os aliviadoiros para que o muíño non se inunde ou se desborde o cubo. Outro dos traballos habituais era o de «picar as pedras do muíño». Quere dicir que un canteiro ou alguén entendido neste labor tiña que picar a moa, pola parte inferior, e o pé, pola superior, xa que o desgaste pola fricción provoca que as sementes non sexan trituradas debidamente.

Respecto á propiedade dos muíños, en xeral son comunais, é dicir, de varios propietarios que teñen unha «parte» nel. A cantidade de «partes» decide as «quendas» ou días que cada propietario pode acudir a moer.

Xeralmente, para levantar un muíño uníanse varios veciños dunha aldea próxima a un rego. Dependendo do diñeiro que achegaba cada veciño ou do traballo feito na construción do muíño, distribuíanse as quendas, que dependen da cantidade de propietarios. A máis propietarios, menos días ou noites terá cada un para dispor do muíño.

Era habitual trasladar os sacos de millo, trigo ou centeo sobre burras ou bestas ou, no peor dos casos, ao lombo ou na cabeza. Moitas veces ían os mozos xuntos pola tardiña ou pola noite e esperaban pola moenda cantando, contando contos ou falando das mozas. Era costume tamén que as parellas mocea-

ran nos muíños ou os rapaces novos xogaran nel facendo xirar a capa e poñéndose enriba, un feito que podía romper a moa e provocar un rápido desgaste da capa e do pé, pois o muíño non pode «moer en seco», é dicir, sen gran.

Desde un punto de vista pedagóxico, podemos sinalar o desaproveitamento destes recursos etnográficos por parte do profesorado de secundaria e do bacharelato. Pensamos que o profesorado debería estimular o alumnado no coñecemento do medio e das súas implicacións dentro da sociedade, desde o punto de vista socioeconómico.

Unha proposta de esquema de traballo que se pode utilizar en secundaria ou no bacharelato para coñecer este elemento etnográfico pode ser a seguinte:

A etnografía material

Historia xeral dos muíños

Estudo da rede fluvial

Localización xeral e específica

Estudo do seu funcionamento

Estado de conservación

Detalle dun muíño



Réxime de propiedade
Forma de explotación
Importancia na economía local
Patrimonio inmaterial: lendas, cantigas, contos,
refrás...

Con respecto ao rico patrimonio inmaterial, podemos reproducir algunha das cantigas da nosa zona que aínda lembran os nosos maiores:

*Non quero ser muiñeiro
nin varrer o tremiñado
que despois no outro mundo
piden contas do roubado.*

*O crego foi ó muiño
cun fato de nenas novas,
elas todas en camisa
e el no medio en cirolas.*

*O muiño rola rola
e a auga faino rolar
as nenas do muiñeiro
teñen ganas de casare.*

*Unha noite no muiño
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.*

*Unha noite fun de rolda
e roldei sete muiños,
encontrei sete Farrucas
fixen sete Farruquiños.*

*Irei contigo ó muiño
farei o que ti me mandes,
pero durmir contigo non quero
que tes as pernas moi grandes.*

*Unha vella fixo papas
e botounas nunha criba,
puxo a criba na cabeza
e escaldouse a vella viva.*



Escudo nunha casa de Gadamil

*Ó muiño de teu pai
eu ben lle sei o tempero,
cando está alto, baixalo,
cando está baixo, erguelo.*

*Fun esta noite ó muiño
non moín nin muiñei,
perdín a trenza do pelo
eso foi o que gañei.*

*O muiño troula troula
a auga faino troulare,
a filla da muiñeira
rabea por se casare.*

*Este muíño non é muíño
que é a capela dos ratos
donde se dan moitos bicos
e tamén moitos abrazos.*

*Un cura foi ó muíño
foille mellor que non fora,
que coa beira da sotana
varreu a fariña toda.*

*Ó muíño da Carreira
fun de noiñña moere,
esperei toda a noite na porta
por quen me deixou de quererere.*

DESCRICIÓN PORMENORIZADA

A ruta que nos levará a visitar e coñecer varios muíños, así como elementos de interese natural, arquitectónico e histórico, comeza na aldea de Gadamil, na estrada provincial que comunica Sigüeiro con Frades.

Gadamil é unha aldea onde podemos encontrar varios elementos histórico-etnográfico–arqueolóxicos de interese, por exemplo un hórreo de planta cadrada, que vemos ao lonxe, e un núcleo de casas, algunha con escudo ou pedra de armas. Moi cerca, no Camiño Grande ou Francés, está a medorra de Gadamil, que encontraremos moi facilmente, seguindo un camiño que hai enfronte da aldea e despois de cruzar a estrada de Sigüeiro a Frades.

O Escudo de Gadamil está labrado en granito e sitúase encima da porta da Casa de Varela. Na talla, de pequenas dimensións, podemos ver cinco cabezas de lobo degoladas e coa lingua fóra. Pensamos que este escudo pode representar á liñaxe dos Mosqueira, aínda que debe ser unha variante, xa que este apelido leva como brasón cinco cabezas de lobo degoladas, sanguentas e coa lingua fóra. O campo está rodeado por unha orla e todo o conxunto está sostido por unha cabeza de anxo alado.

Ante a posibilidade que este escudo non represente os Mosqueira, debemos pensar que recolle as armas dos Moscoso, simbolizadas nunha cabeza de lobo degolada, sanguenta e linguada.

Moi cerca de Gadamil están o cemiterio e a igrexa parroquial de San Tomé de Vilarromarís. A igrexa foi trasladada do seu sitio orixinal hai relativamente poucos anos, conservando só da anterior a espadana. No campo da festa vemos unha lápida, posiblemente unha tampa de sarcófago, que fai de mesa de oficios.



Muíño de Gadamil

MUÍÑO DE GADAMIL

Está o muíño situado nunha contorna moi deteriorada, xa que a súa canle desapareceu. Conserva o pé, a capa e a moega moi deteriorada. Tamén presenta un desprendemento de pedra nunha das súas paredes. Ten pousadoiro no exterior e o rodicio fóra do seu sitio. Está cuberto de uralita.

Como curiosidade, vemos unha capa ou moa metida en cemento e facendo de chanzo cara ao pé do muíño.

Sáímos do muíño e volvemos polo camiño que utilizamos até a pista.

MUÍÑO NOVO

Este muíño está no medio dun prado con braña e o seu contorno foi moi alterado, xa que desapareceu a canle que lle daba auga. Podemos dicir que case está soterrado debido ás modificacións que se fixeron no terreo.

Está cuberto de uralita e ten as paredes moi deterioradas. Carece de rodicio.

Desde o muíño damos a volta polo prado até atopar un camiño que sae á dereita en dirección ás casas do Curro e de Rodís.

MUÍÑO DO CURRO

A un centenar de metros desde a ponte do rego na pista encontramos o muíño do Curro, por chamarse así a aldea máis próxima.

Ten o tellado de uralita, pé e dúas moas. Conserva parte da moega, moi deteriorada, e o pousadoiro no interior. No inferno vese o eixo e, se ten rodicio, está soterrado na lama.

Este muíño ten algunha das súas paredes moi deterioradas e con risco de derrubamento. O seu contorno foi moi alterado, na medida en que se eliminou o rego principal e agora a auga flúe polo rego do muíño.

Sáímos do muíño e camiñamos ao longo do rego por un prado brañento. Augas arriba, e a uns 290 metros, está o muíño Novo.

CAMIÑO MEDIEVAL DE SIGÜEIRO A SOBRADO

O camiño medieval de Sigüeiro a Sobrado dos Monxes comunicaba dous grandes centros de poder relixioso como eran Santiago e Sobrado. O camiño partía da Ponte Sigüeiro e pasaba pola Gándara, Vilarromarís, Senra, Calvente, Moar, Aiazo e Gafoi, para continuar cara a Sobrado. Aínda se conservan algúns



Un hórreo na aldea de Gadamil

treitos, pequenos, debido ás concentracións parcelarias, mais nesta ruta temos a sorte de contar cun percorrido de máis dun km. Aínda o lembran os máis vellos da zona, que percorrían este camiño para ir á Feira da Foca ou ás festas do Apóstolo Santiago.

Este treito debería ser conservado, xa que unha testemuña oral afirma que hai proxectada unha pista coincidente co trazado do camiño. Se así fose, destruíriase unha parte moi importante da historia do concello de Oroso.

No treito do camiño medieval que acabamos de percorrer, pasamos á beira do monte Ferradas. Contan os vellos do lugar que antigamente neste monte había un mosteiro no que vivían uns frades.

Seica debido a unhas batallas (mouros, carlistas...) os frades foron desterrados a Portugal, pero antes de marchar enterraron as súas riquezas, que deixaron encantadas para non seren descubertas. Cos frades marchou un criado, quen, antes de cruzar a fronteira, se tirou ao río Miño e fuxiu. Volveu a Senra, desencantou o tesouro e apoderouse das riquezas dos frades. Conta a lenda que cos restos do mosteiro levantou a Casa Grande de Vilares. (Lenda recollida da revista *Oroso escolar* de maio de 1992).

PONTE CAROLLO

A Ponte Carollo, sobre o río Tambre, comunica a aldea de Carollo con outras aldeas da parroquia de Cardama. Segundo algúns autores a ponte, ampliada recentemente, pode ser de orixe medieval, xa que orixinariamente tiña os piares de pedra e a calzada de madeira.

Lembra a xente maior deste lugar que hai algunhas décadas, cando a ponte era de madeira e se producían grandes enchentes do río, a ponte quedaba asolagada e os veciños de Carollo incomunicados, xa que non contaban coas comunicacións terrestres de hoxe en día.

Son coñecidos e incluso protagonizaron algún suceso lutuoso os remuíños que hai mesmo debaixo da ponte, sobre todo cando as augas baixan revoltas.

Seguindo a pista asfaltada, subimos e vemos á esquerda o campanario da igrexa de Cardama, mentres que gozamos dunha pracenteira vista sobre o fermoso val do Tambre.

IGREXA DE CARDAMA

A igrexa está situada a rentes dunha carballeira e dela destacamos os seguintes aspectos:

Fachada do século XVII, con reformas posteriores.

Retablo central no interior da igrexa dedicado á Virxe María.

Dous retablos laterais de estilo neoclásico (fins do século XVIII).

Lápida no adro do século XVII, con inscricións.

Volvemos sobre os nosos pasos e, despois de ver a Ponte Carollo e o val do Tambre rodeado de prados e fragas, volvemos pola pista que chegamos, para pasar pola ponte do rego dos Muíños, onde está o muíño do Miguelo, e continuamos subindo unha pequena costa. Esta é unha pista forestal que comunica a Ponte Carollo (Cardama) coa aldea de Couso (Senra).

Deixamos atrás dous camiños á dereita e outros tantos á esquerda.

No cruce de camiños que agora atopamos o camiño da dereita está case tapado pola vexetación, mais o da esquerda é ancho. Acabamos de chegar a un treito do vello camiño medieval que comunicaba a vila de Sigüeiro con Sobrado dos Monxes.

Camiño medieval no Curro



MUÍÑO DO MIGUELO

Andamos á beira do rego e vemos o muíño a escasos 100 metros, muíño sen teito. Conserva o pé e unha moa no exterior, arrimada á porta. É un dos muíños máis deteriorados que vimos, posiblemente por estar ao lado dunha pista, o que facilita a entrada nel de persoas que levaron algunhas das pezas.

Comprobamos así ao longo da nosa viaxe que os muíños mellor conservados son os que máis illados están, xa que nin os coches nin os tractores poden acercarse a eles para trasladar as distintas pezas que noutros casos son usurpadas.

O muíño do Miguelo é o último neste rego. Hai que aclarar que entre o muíño do Granxo e este hai tres máis: O Mesto, O Piollo e Os Calvos, que podemos visitar con moito coidado debido á espesa vexetación que hai ao longo do rego.

MUÍÑO DO GRANXO

É un muíño cuberto. Só conserva o pé e o pousadoiro. Entre este muíño e o anterior, do Miguelo, na parroquia de Cardama, percorremos unha pista que pasa por diante do muíño e pasamos a rentes dun valado de pedra e de varios carballos centenarios.

MUÍÑO DOS ENCOLGADOIROS

É un dos mellor conservados deste conxunto etnográfico. Conserva o pé, a moa, a moega, o rodicio e o tellado: todos os elementos básicos para que o muíño funcione. Ten un amplo «vestíbulo» separado do resto do muíño por unha parede de madeira con porta. Sobre a súa canle hai unha pasarela.

MUÍÑO DO CRISCO

Este muíño ten un tellado de uralita. Conserva pé, capa, rodicio e eixo. Ten pousadoiro e vestíbulo separado con porta. Mantén parte da moega, aínda que moi deteriorada.

Visto este muíño, volvemos sobre os nosos pasos e imos dar ao camiño principal. Continuamos e pasa-

mos á beira dun prado. Baixamos ao longo do prado cara ao rego e vemos o muíño dos Encolgadoiros, moi ben conservado e de grande altura, comparado cos que acabamos de visitar.

MUIÑO DO CARBALLO

Muíño que está situado nun prado delimitado por un muro de pedra. Na entrada hai unhas pedras chantadas rodeando unha propiedade. Non ten teito, rodicio nin eixo. Ten pé e un pequeno «vestíbulo» na entrada.



Río Samo (Senra)

A función deste «vestíbulo» era a de reunión, un pequeno espazo separado do pé do muíño e dos rúidos que provoca o seu xiro. Aquí había máis silencio, podía-se falar, comer, xogar á baralla, cantar ou mocear.

Volvemos ao camiño principal e continuamos, pasando antes por unhas pontellas e unha canle ben traballada.

O REGUEIRO

O Regueiro é un pequeno grupo de casas, das que unha delas conserva elementos da arquitectura popular. Desde esta aldea vemos o pequeno val que forma o rego do Muíño. Desde as casas da

aldea até o rego, o espazo está ocupados por prados brañentos, na parte máis baixa, mentres que no lado dereito do rego medra o monte, con piñeiros maioritariamente. Ao longo do rego vese a típica vexetación de ribeira, formada por ameneiros, salgueiros e algún bidueiro.

Bordeamos o grupo de casas por unha pista de terra e saímos na pista asfaltada camiño de Vilares.



Na aldea de Vilares, os máis vellos do lugar aínda lembran unha lenda relacionada co monte Ferradas. Seica neste monte había un mosteiro no que vivían algúns frades. Os donos do mosteiro libraron moitas batallas cos «mouros» ou cos «carlistas», polo que os frades foron desterrados ás terras de Portugal. Seica antes da súa partida, enterraron os tesouros e riquezas, que deixaron encantadas para que non fosen descubertas. Cos frades marchou un criado que, aproveitando un descoido dos frades, se tirou a un río e fuxiu. Volveu a Senra, desencantou o tesouro e apoderouse das riquezas dos frades. Coas pedras do mosteiro derruídas polas liortas, o criado comezou a construír a Casa Grande de Vilares, chegando a ter caseiros e moitas propiedades.



Esta lenda histórica foi xa citada cando pasamos ao lado do monte Ferradas, no treito do camiño medieval de Sigüeiro a Sobrado dos Monxes.

A BAIUCA

Dende a aldea do Regueiro, topónimo que nos informa da proximidade dun rego cunha cantidade de auga de certa importancia, chegamos á Baiuca, que é un topónimo relacionado con «parada» ou con «taberna». Desde este lugar vemos o val do Tambre, que discorre entre fragas poboadas maioritariamente con carballos. A pista que leva a Vilares pasa por medio de prados e por cerca das casas da Viña, que quedan á nosa dereita. Este topónimo está vinculado coas viñas que serven para elaborar o viño. Posiblemente, nun tempo pasado, estas terras estarían poboadas deste froito tan valorado na actualidade.





ORSO

OUTROS DATOS
DE INTERESE



HOSTALERÍA

PARA ALOXARSE

HOSTAL HERMANOS MIRÁS

Sigüeiro 981 691 637

HOSTAL OS CARBALLOS

Deixebre 981 680 714

HOSPEDAXE A RUTA

Trasmonte 981 682 768

HOSPEDAXE O NOSO MESÓN

Deixebre 981 680 833

PARA COMER

BAR CORTÉS

Sigüeiro 981 691 762

RESTAURANTE LAR BLANCO

A Gándara 981 688 922

MESÓN TAMBRE

Sigüeiro 981 691 494

PARRILLADA CACHOPAL

O Cachopal 981 695 771

MESÓN CABA

Sigüeiro 981 690 993



HOSTAL HERMANOS MIRÁS

Sigüeiro 981 691 637

RESTAURANTE LIÑARES

Est. de Vilacide 981 691 476

RESTAURANTE A CANTINA

Est. de Vilacide 981 691 576

MESÓN OROSO

Oroso 981 694 764

MESÓN OS MADEIROS

Oroso 981 691 610

MESÓN OS MARIÑAOS

Oroso 981 681 557

PARRILLADA O NOSO MESÓN

Deixebre 981 680 833

HOSTAL OS CARBALLOS

Deixebre 981 680 714

HOSPEDAXE A RUTA

Trasmonte 981 682 768

MESÓN CALVIÑO

Trasmonte 981 697 403

RESTAURANTE BALASAR

Sigüeiro 981 691 372

FESTAS DO CONCELLO DE OROSO

OS ÁNXELES

SAN MAMEDE 7–8 de agosto (con verbena)

CALVENTE

SAN XOÁN 24–25 de xuño

A MERCÉ, SAN ROMÁN 8–9 de setembro (con verbena)

CARDAMA

SAN ISIDRO 15 de maio (con verbena)

STA. MARÍA 15–16 de agosto

CORPUS domingo seguinte a Sta. María (con verbena)

DEIXEBRE

MARGARIDA 20 de xullo ou domingo seguinte (con verbena)

STA. MARÍA 1–16 de agosto

A GÁNDARA

STA. BÁRBARA 2.º domingo de setembro (con verbena)

SAN MIGUEL últimos sábado e domingo de setembro

MARZOA

SAN MARTIÑO 11–12 de novembro

STO. ANTONIO 13 de xuño (con verbena)

SAN PEDRO 29 de xuño

OROSO

SAN MARTIÑO 11–12 de novembro

SACRAMENTO 2.º domingo de agosto (con verbena)

PASARELOS

SAN ROMÁN 9 de agosto (con verbena)

SAN ROMÁN a fin de semana máis próxima ó 18–19 de novembro

SENRA

STA. BÁRBARA 1.º domingo de outubro (con verbena)

STA. EULALIA 10–11 de decembro

CORPUS 19 de xuño (variable)

CARME último domingo de xullo

SIGÜEIRO

SACRAMENTO último domingo de agosto (con verbena)



Parroquia de Senra

STA. EUFEMIA 6 de setembro (con verbena)

STO. ANDRÉ 30 de novembro–1 de decembro (con verbena)

TRASMONTE

SAN ROMÁN 1.º domingo de xuño (con verbena)

SACRAMENTO 3.º domingo de agosto

STO. ESTEVO 26–27 de decembro

VILARROMARÍS

SACRAMENTO 1.ª fin de semana de xullo (con verbena)

STO. TOMÉ 20–21 de decembro

FESTAS SOCIO–CULTURAIS DO CONCELLO

NADAL do 17 de decembro ó 6 de xaneiro

CABALGATA DE REIS 5 de xaneiro

ENTROIDO luns de entroido

FESTA DA TROITA 1.ª ou 2.ª fin de semana de maio

FESTA DA TERCEIRA IDADE principios do verán

SEMANA CULTURAL finais de agosto



NÚMEROS DE TELÉFONO DOS PRINCIPAIS SERVIZOS SERVIZOS MUNICIPAIS

CONCELLO

981 691 478 › 981 691 680 › Fax 981 691 786

OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL

981 691 478

OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN Ó CONSUMIDOR

981 691 478

PORTELO ÚNICO 981 691 478

SERVIZOS SOCIAIS 981 688 950

TÉCNICO LOCAL DE EMPREGO 981 691 478

OFICINA MUNICIPAL DE URBANISMO

981 694 865

XULGADO DE PAZ 981 694 833

CORREOS 981 696 254

SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS (AQUAGEST)

981 694 551

RECOLLIDA DE LIXO 981 693 072

AVARÍAS DO ALUMEADO PÚBLICO

981 691 478 › 981 691 680



SERVIZOS DE SAÚDE

CENTRO MÉDICO DE SIGÜEIRO

981 691 259 › 981 694 731

MÉDICO DE GARDA/URXENCIAS 061

PAC DE SANTIAGO 981 95 61 75

CRUZ VERMELLA 981 586 969

FARMACIA IGLESIAS 981 691 575

FARMACIA TABOADA 981 691 676

FARMACIA CACHOPAL 981 695 537

SERGAS 981 542 737

SERVIZOS DE SEGURIDADE

GARDA CIVIL DE SIGÜEIRO 981 691 381

GARDA CIVIL 062

POLICÍA NACIONAL 091

POLICÍA NACIONAL DNI 981 583 940

PROTECCIÓN CIVIL DE OROSO 629 737 942

EMERXENCIAS 112

SOS GALICIA 981 541 400

TRÁFICO 981 582 268

BOMBEIROS 080

SERVIZOS ASISTENCIAIS

ATENCIÓN SOCIAL FIN DE SEMANA 981 568 100

TELÉFONO DO NENO 900 400 272

TELÉFONO DA MULLER 900 400 273

EDUCACIÓN

COLEXIO PÚBLICO DE SIGÜEIRO 981 691 713

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE OROSO

981 694 960

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 981 691 505

BIBLIOTECA MUNICIPAL 981 690 903

AULA MUNICIPAL DE INFORMÁTICA 981 688 950

EDUCACIÓN DE ADULTOS 981 688 950

OUTROS SERVIZOS XERAIS

AGRARIA 981 680 227

XUNTA DE GALICIA 981 545 400

ATENCIÓN Ó CIDADÁN 902 120 012

TELÉFONO DO CONSUMIDOR 900 231 123